

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 10 de maio de 2004**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D. José Manuel Iglesias Carrera  
D. Antonio Coello Bufill  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. José Manuel Couto Pérez  
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dez de maio de dous mil catro e baixo a presidencia da Ilma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados e do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Manuel Xosé Lorenzo Penela, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Esta presente por invitación a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(539).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión 26 de abril de 2004. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(540).- PROXECTO DE REGULAMENTO ORGÁNICO DA COMISIÓN ESPECIAL DE SUXERENCIAS E RECLAMACIÓNS E DO VALEDOR DO CIADÁN. EXPTE. 1179/110.**

Antecedentes

Con data 29.04.04 o secretario xeral do Pleno emite informe xurídico sobre o proxecto do regulamento orgánico da Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións e do valedor do cidadán, que di o seguinte:

## LEXISLACIÓN APLICABLE.-

*-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).*

## ANTECEDENTES.-

*A Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local modificou substancialmente o réxime xurídico das grandes cidades e preveu para estas –art. 132 LBRL- a existencia dunha Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións integrada, de forma proporcional, por representantes de tódolos grupos políticos municipais que conforman o Pleno.*

## INFORME.-

*A Disposición Transitoria Primeira da Lei 57/2003 textualmente indica:*

*“Los Plenos de los Ayuntamientos a los que resulte de aplicación el régimen previsto en el Título X de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de Régimen Local, introducido por esta ley dispondrán de un plazo de SEIS MESES desde su entrada en vigor para aprobar las normas orgánicas necesarias que adapten su organización a lo previsto en dicho Título”.*

*O art. 132 da LBRL sinala que nas cidades ás que lles é de aplicación o Título X existirá unha Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións que supervisará a actividade da Administración Municipal debendo dar conta ó Pleno, mediante informe anual, das queixas presentadas e das deficiencias observadas no funcionamento dos servizos municipais, con especificación das suxerencias ou recomendacións non admitidas pola Administración Municipal.*

*A natureza orgánica da norma que ha de regula-la composición, competencias, organización e funcionamento da Comisión implica que a súa aprobación require do voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación (art. 123.2. LBRL).*

*A Comisión redactora designada no seu día pola Alcaldía para a elaboración das normas orgánicas necesarias para o desenvolvemento da Lei de Modernización redactou o proxecto normativo que agora se somete a aprobación, no que constan lixeiras variacións introducidas pola Comisión de Seguimento integrada por representantes dos grupos municipais.*

*Entende esta Secretaría que o documento na súa redacción final axústase integramente ás previsións e mandatos da Lei debéndose destacar do mesmo o mantemento da figura institucional do Valedor do Cidadán como órgano de enlace entre os cidadáns e a Comisión ademais de ser un elemento de apoio e colaboración nas funcións desta. Asemesmo a súa continuidade xustifícase na maior independencia, obxectividade e imparcialidade nas recomendacións e suxerencias que, en relación coas queixas presentadas, podan efectuarse á Administración Municipal ou substraer estas do lóxico debate e posicionamento político que pode darse no seo da Comisión en virtude da condición dos membros integrantes da mesma sen que elo implique un desapoderamento das funcións de supervisión que a Lei outorga á Comisión en tanto en canto no regulamento recoñécese a este órgano mecanismos e competencias suficientes para controla-lo funcionamento dos servizos e garantir con elo a defensa dos dereitos básicos e mínimos da comunidade veciñal.*

*Polo que se refire ó Procedemento de aprobación o art. 127.1.a) da LBRL sinalar que, previa á súa aprobación plenaria, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de Regulamento o que implica que este*

*expediente constitúe unha proposta do equipo de goberno ó máximo órgano municipal de representación. Realizada tal aprobación deberá someterse a dictame da Comisión Informativa competente en razón da materia que o elevará paa a súa aprobación inicial ó Pleno. Conseguida esta co quorum antes mencionado o expediente someterase a información pública polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio no BOP a efectos de que os interesados nese prazo efectúen as reclamacións e suxerencias que consideren convenientes que, tralo seu informe técnico, serán resoltas polo Pleno na fase de aprobación definitiva (art. 49 LBRL), adoptada esta procederáse á publicación íntegra do texto regulamentario no BOP a efectos da súa entrada en vigor (art. 70.2 LBRL).*

A Excma. Alcaldesa, con data 30.04.04, formula a seguinte proposta á Xunta de Goberno:

*Examinado o proxecto de Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións e do Valedor do Cidadán elaborado pola Comisión redactora designada ó efecto, e visto o informe preceptivo que respecto ó mesmo emitíu o Secretario Xeral do Pleno propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Aproba-lo Proxecto de Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións e do Valedor do Cidadán segundo o texto que figura no anexo a este acordo.*

*Segundo.- Propoñer ó Pleno a súa aprobación inicial sometendo o mesmo a información pública mediante inserción de anuncio no BOP a efectos de que os interesados no prazo de 30 días hábiles efectúen as reclamacións e suxerencias que consideren convinte debéndose entender definitivamente aprobado o regulamento no suposto de que non se produxeran.*

*Terceiro.- Proceder, no caso de aprobación definitiva, á publicación íntegra do texto regulamentario no BOP a efectos da súa entrada en vigor.*

Con data 3.05.04 a Comisión técnica para a redacción dos regulamentos de desenvolvemento da Lei 57/2003, efectuou modificacións no texto do proxecto de regulamento, xa incluídas na parte dispositiva deste acordo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Excma. Alcaldesa e tendo en conta as modificacións introducidas pola devandita comisión, acorda:

*Primeiro.- Aproba-lo Proxecto de Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións e do Valedor do Cidadán que de seguido se transcribe.*

*Segundo.- Propoñer ó Pleno a súa aprobación inicial sometendo o mesmo a información pública mediante inserción de anuncio no BOP a efectos de que os interesados no prazo de 30 días hábiles efectúen as reclamacións e suxerencias que consideren convinte debéndose entender definitivamente aprobado o regulamento no suposto de que non se produxeran.*

Terceiro.- Proceder, no caso de aprobación definitiva, á publicación íntegra do texto regulamentario no BOP a efectos da súa entrada en vigor.

*PROXECTO DO REGULAMENTO ORGÁNICO DA COMISIÓN ESPECIAL DE SUXERENCIAS E  
RECLAMACIÓNS E DO VALEDOR DO CIDADÁN*

*TITULO I*

*Da Comisión Especial de Suxerencias e reclamacións*

*Artigo 1.- Creación da Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións:*

*Créase a Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións ó abeiro do disposto no artigo 132.1 da Lei 7/85 do 2 de abril , Reguladora das Bases de Réxime Local, para a defensa dos dereitos dos veciños ante a Administración municipal.*

*Artigo 2.- Natureza e fins da Comisión.*

*A Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións, constitúese como o órgano municipal superior na supervisión da actuación e funcionamento da Administración Municipal, dos seus organismos públicos e entidades dependentes, actuando na defensa e intereses dos veciños, con autonomía orgánica e funcional e independencia de criterio respecto dos demais órganos de Goberno municipal, non estando suxeita nas súas atribucións a instrucción ou mandato imperativo de ningún outro órgano.*

*Artigo 3.- Composición da Comisión Especial de Suxerencias e Reclamacións.*

- 1.- A Comisión estará integrada por un Concelleiro de cada grupo político municipal existente na Corporación ó que lle corresponderá un voto ponderado similar ó do número de membros que tal grupo ostente no Pleno Municipal.*
- 2.- A designación dos membros da Comisión farase ó inicio de cada mandato, sen prexuízo da súa reelección e ou substitución cando proceda.*
- 3.- A adscrición concreta á Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, farase mediante proposta do seu Voceiro, podéndose designar un suplente por cada titular.*
- 4.- O membros da Comisión serán nomeados polo Pleno por un tempo non superior ó do mandato da propia Corporación, renovándose con esta.*
- 5.- O Presidente da Comisión será nomeado polo Alcalde, dentre os membros desta e a proposta da mesma, trala correspondente elección feita no seu seo.*

6.- *Actuará como Secretario da Comisión, con voz e sen voto, o Secretario Xeral do Pleno, ou Técnico de Administración Xeral do Concello en quen delegue. Ademais da función de fé pública inherente ó cargo, executará os acordos da Comisión.*

Artigo 4.- Ámbito de competencias:

*A Comisión exercerá as súas funcións e competencias, respecto a:*

- 1.- *Administración Municipal do Concello de Vigo e os seus Organismos públicos, empresas e demais entidades dela dependentes ou nas que teña participación.*
- 2.- *Os servizos xestionados por persoas físicas ou xurídicas mediante concesións administrativas e, en xeral, calquera organismo ou entidade, pública ou privada, que realice funcións de servizo público e se atope suxeita a calquera tipo de tutela naquilo no que afecte ás materias integradas na competencia da Administración municipal.*

Artigo 5.- Funcións e competencias da Comisión.

*Corresponde á Comisión o coñecemento das reclamacións e suxerencias que se formulen sobre o funcionamento da Administración Municipal, así como a supervisión, seguimento e inspección da súa actividade.*

*En particular a Comisión terá as seguintes atribucións:*

- 1.- *O coñecemento e seguimento das reclamacións e suxerencias que se formulen relativas ó funcionamento e servizos da Administración Municipal, organismos autónomos e entidades dependentes.*
- 2.- *Supervisar e inspeccionar o funcionamento da Administración Municipal.*
- 3.- *Interesar e recabar dos órganos de goberno, órganos directivos e unidades administrativas, toda a información e documentación que precise para o exercicio das súas funcións, tendo libre acceso ós arquivos e rexistros.*
- 4.- *Elevar ós órganos municipais competentes os informes, propostas e suxerencias que considere necesarias para a mellora do funcionamento dos servizos e da actividade municipal.*
- 5.- *Investigar de oficio ou a instancia de parte, calquera acto ou resolución adoptada polos órganos de goberno municipal e polos seus órganos superiores e directivos.*
- 6.- *Avaliación e seguimento das medidas adoptadas pola Administración Municipal para a mellora dos servizos e o seu funcionamento.*
- 7.- *Elevar ó Pleno Municipal ó informe anual sobre o funcionamento da Administración municipal e os informes extraordinarios que considere necesarios.*

Artigo 6.- Funcionamento da Comisión.

- 1.- *A Comisión será convocada en sesión ordinaria polo seu Presidente, coa periodicidade que se acorde pola mesma no momento da súa constitución, e alomenos bimensualmente.*

*Poderase reunir en sesión extraordinaria cando así o soliciten os membros que co seu voto ponderado representen a cada parte dos membros da Corporación.*

- 2.- *O seu funcionamento axustarase ó disposto na materia, pola normativa vixente reguladora da Administración Local respecto das Comisións Informativas das Entidades Locais.*

Artigo 7.- Unidade de suxerencias e reclamacións.

- 1.- *Sen prexuízo das queixas ou reclamacións que os cidadáns presenten ante a Comisión ou o Valedor do Cidadán, que seguirán o seu propio e específico trámite previsto no artigo 10 deste Regulamento, a Comisión coñecerá de todos aqueles escritos, queixas ou reclamacións que presenten os cidadáns peticionando calquera mellora nas infraestructuras ou no funcionamento dos servizos e actividades municipais.*
- 2.- *O dereito de petición que tamén poderá referirse a propoñer aquilo que se estime conveniente con referencia á mellora da calidade dos servizos municipais e da actividade administrativa en xeral, e unha facultade que corresponde ós cidadáns de Vigo para dirixirse a calquera órgano decisorio municipal en solicitude de resolucións en materia da súa competencia.*
- 3.- *Ós efectos anteriores crease unha unidade municipal de suxerencias e reclamacións dependente da Comisión que terá como fin a coordinación do estudo, tramitación, resposta e execución, no seu caso, dos escritos cursados e das posibles disfuncionalidades manifestadas nos mesmos.*
- 4.- *A coordinación levarase a cabo a través do coñecemento expreso do escrito presentado mediante copia que do mesmo lle sexa remitida polo Rexistro Xeral.*
- 5.- *En cada sesión ordinaria da Comisión a unidade de suxerencias e reclamacións informará á mesma mediante escrito breve e conciso da instrucción que de cada escrito efectúa a unidade administrativa competente.*
- 6.- *Á vista da instrucción e resolución acordada a Comisión poderá dirixirse ó órgano resolutor efectuando as recomendacións ou suxerencias que estime convinte.*

## TÍTULO II

### *Do Valedor do Cidadán*

Artigo 8.- O Valedor do Cidadán.

- 1.- *Ó Valedor do Cidadán, como órgano de enlace e colaboración da Comisión e os cidadáns, correspóndenlle as seguintes funcións:*
  - *Elaborará os informes e memoria que lle solicite a Comisión, así como aqueles outros que estime oportunos.*
  - *Fará o seguimento das actuacións acordadas pola Comisión.*
  - *Levará o control, seguimento e coñecemento das reclamacións que se formulen, emitindo informes e resolucións relativas ás mesmas, que elevará á Comisión para o seu coñecemento.*

- *Anualmente, mediante informe, dará conta da súa xestión á Comisión, informe que se acompañará ó que preceptivamente eleve a Comisión ó Pleno.*
- *Aquelas outras funcións ou cometidos que lle encomende a Comisión no ámbito das súas competencias.*
- 2.- *O Valedor, que actuará con independencia, imparcialidade e obxectividade, será elixido mediante acordo da Comisión adoptado en votación que represente o voto dos dous tercios dos membros do Pleno. A elección será por un tempo non superior ó do mandato da Corporación, sen prexuízo da súa reelección. En todo caso continuará nas súas funcións ata a data da súa substitución.*
- 3.- *Para ser elixido Valedor do Cidadán deberánse reunir os seguintes requisitos:*
  - a) *Ser veciño de Vigo, maior de idade e estar en pleno uso dos dereitos civís e políticos.*
  - b) *Ter recoñecido prestixio persoal e profesional.*
- 4.- *Tomará posesión do seu cargo ante o Pleno do Concello e prestará xuramento ou promesa do fiel desempeño da súa función.*
- 5.- *O Valedor do Cidadán cesará e será relevado do seu cargo por algunha das seguintes causas:*
  - a) *De renunciaren*
  - b) *Por expiración do seu mandato*
  - c) *Por falecemento*
  - d) *De seren condenado, mediante sentenza firme, por delicto doloso.*
  - e) *Por perde-la condición de veciño de Vigo.*
- 6.- *A condición de Valedor do Cidadán e do seu adxunto é incompatible con todo mandato representativo; con todo cargo político ou actividade de propaganda política; coa afiliación a un partido político ou o desempeño de funcións directivas nun partido político, sindicato e asociacións empresariais; co exercicio das carreiras xudicial e fiscal e co na permanencia no servizo activo do Concello de Vigo ou seus organismos públicos del dependentes ou participados.*
- 7.- *O Valedor do Cidadán dará conta das súas actividades periodicamente á Comisión e sempre que este o requira.*
- 8.- *En todo caso o Valedor do Cidadán acudirá ás sesións ordinarias da Comisión. Na orde do día figurará un punto no que se dará conta sucinta das reclamacións presentadas nos dous meses anteriores ó da súa realización.*

Artigo 9.- Do Adxunto do Valedor.

- 1.- *O Valedor do Cidadán nomeará un Adxunto que lle auxiliará nas súas funcións e substituiralle nos casos de incapacidade temporal, ausencia ou cesamento do seu titular.*
- 2.- *O Valedor do Cidadán poderá delegar, con carácter revogable parte das funcións que lle son propias no Adxunto por tempo determinado.*

3.- O Adxunto cesará automaticamente con ocasión de toma de posesión dun novo Valedor.

Artigo 10.- Tramitación das reclamacións ante o Valedor.

1.- Calquera persoa natural ou xurídica que, nas súas relacións coa Administración municipal, considere que foi obxecto de desatención, tardanza ou calquera outra anomalía consecuencia dun suposto mal funcionamento dos servizos, poderá presentar as reclamacións que estime oportunas en orde a mellorar a eficacia dos mesmos.

2.- As reclamacións, dirixidas á Comisión ou ó Valedor, presentaranse no Rexistro do Valedor do Cidadán, no Rexistro Xeral do Concello, nos dos organismos públicos e nos rexistros dos órganos desconcentrados.

Rexistrado o escrito remitirase á Oficina do Valedor ó obxecto de que unha vez sexa admitido a trámite, se promova a oportuna investigación sumaria e informal para o esclarecemento dos supostos do mesmo. En todo caso, dará conta do contido substancial do escrito á dependencia administrativa responsable co fin de que polo órgano que culmine a organización administrativa, no prazo máximo de quince días, se remita informe fundamentado e completo sobre os feitos obxecto da reclamación. O prazo citado será ampliable cando concorran circunstancias que o aconsellen a xuízo do Valedor.

3.- Non se admitirán a trámite mediante escrito motivado as reclamacións sobre as que estea pendente resolución xudicial, as anónimas e aquelas outras nas que se advirta mala fé, carencia de fundamento, inexistencia de pretensión, así como aquelas outras cuia tramitación irroque prexuízo ó lexítimo dereito de terceira persoa.

4.- O Valedor do Cidadán, que acusará recibo da reclamación, informará ó interesado do resultado das investigacións e xestión, así como da resposta que tivera dado a Administración municipal. Esta resposta será remitida á Comisión para o seu coñecemento.

5.- O Valedor do Cidadán, aínda non sendo competente para modificar ou anular os actos e resolucións da Administración Municipal, estará facultado para suxerir a modificación dos criterios utilizados para a produción daqueles. Das suxerencias darase conta á Comisión.

6.- Se como consecuencia das súas investigacións chegase ó convencemento de que o cumprimento rigoroso dunha norma municipal pode provocar situacións inxustas ou prexudiciais para os administrados, suxerirá á Comisión que propoña ó Pleno a modificación da mesma.

7.- O Valedor do Cidadán, con ocasión das súas investigacións, poderá formular ás autoridades e funcionarios da Administración municipal, advertencias, recomendacións ou recordatorios dos seus deberes legais. Destas recomendacións darase conta á Comisión.

8.- Se formuladas as recomendacións non se produce, dentro dun prazo razoable, unha medida axeitada en tal sentido pola dependencia afectada ou esta non informa das razóns que estime para non as adoptar, o Valedor do Cidadán poñerá en coñecemento da Comisión os antecedentes do asunto e las recomendacións presentadas a fin de que, trala súa valoración, se inclua tal asunto no informe anual que o órgano debe elevar ó Pleno.



- 9.- *A totalidade das reclamacións presentadas, así como as respostas ás mesmas, recolleranse nuns Libros de Rexistro Auxiliar dos que será responsable a Oficina do Valedor do Cidadán.*

**TITULO III**  
*Disposicións comúns*

*Artigo 11.- Medios e recursos da Comisión e do Valedor.*

*O Concello proporcionará á Comisión e ó Valedor os medios materiais e recursos persoais e económicos necesarios para o seu debido funcionamento. O Valedor dispoñerá dunha oficina administrativa e partida orzamentaria propia para o desenvolvemento das atribucións. As persoas que desempeñen postos de traballo na oficina do Valedor do Cidadán terán a consideración de persoal eventual, no suposto que a tales postos non se adscriba persoal municipal. Cesarán nas súas funcións con ocasión do cese do Valedor.*

*Artigo 12.- Colaboración dos organismos requiridos.*

*Tódalas autoridades, funcionarios, órganos e organismos da Administración municipal así como os representantes das empresas concesionarias que xestionen servizos públicos municipais están obrigados a colaborar e auxiliar á Comisión e ó Valedor nas súas actuacións con carácter prioritario.*

*Neste senso atenderán e facilitarán á mesma as comprobacións e inspeccións dos servizos e unidades administrativas, e darán cumprimento, no prazo de 15 días, á información e documentación que requira no exercicio das súas competencias.*

*Todo o persoal e autoridades dependentes da Administración deberán comparecer ante a Comisión cando sexan requiridos ben sexa para informar do funcionamento dos servizos ou para explica-la súa relación coas queixas ou reclamacións presentadas polos cidadáns.*

*A actitude hostil ou entorpecedora da labor da Comisión ou do Valedor por parte de calquera organismo, funcionario, directivo ou persoal ó servizo da Administración municipal poderá ser obxecto dun informe especial, ademais de destacalo no informe anual.*

*Artigo 13.- Informe ó Pleno Municipal.*

- 1.- *A Comisión, a través do seu Presidente, dará conta anualmente ó Pleno Municipal da súa xestión e da xestión do Valedor do Cidadán, elevando un informe das reclamacións presentadas e das deficiencias observadas no funcionamento dos servizos municipais, con especificación das suxerencias ou recomendacións non admitidas pola Administración municipal.*
- 2.- *Cando a gravidade ou urxencia dos feitos así o aconsellen, poderá elevar ó Pleno Municipal os informes extraordinarios correspondentes.*
- 3.- *Tanto os informes anuais como os extraordinarios serán públicos e destes darase a publicidade necesaria para coñecemento dos veciños.*
- 4.- *A Comisión, por medio do seu Presidente, acudirá ás sesións do Pleno Municipal a que sexa convocada para informar das súas actuacións, e poderá solicitar, cando o crea conveniente, a súa comparecencia.*

Artigo 14.- Natureza das reclamacións.

*As reclamacións formuladas non terán en ningún caso a calificación de recurso administrativo, nin paralizarán os prazos establecidos na lexislación vixente para interpoñelos. As reclamacións non condicionan, en modo ningún, o exercicio das restantes accións ou dereitos que, de conformidade coa normativa reguladora de cada procedemento, poidan exercitar os que figuren nel como interesados.*

**DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.**

*As remisións que a normativa reguladora das Comisións Informativas pertencentes ás Entidades locais fan ó Alcalde-Presidente da Entidade, deberanse entender atribuídas ó Presidente da Comisión Especial de Reclamacións e Suxerencias.*

**DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.**

*O servizo de Participación Cidadá será a dependencia municipal que coordine as peticións de remisións de informes municipais solicitados polo Defensor do Pobo e o Valedor do Pobo en relación coas queixas que ante estas Institucións formulen os cidadáns en relación co funcionamento dos servizos e actividades da Administración municipal. A estes efectos calquera escrito neste sentido será remitido polo Rexistro Xeral a esta dependencia que reclamará da correspondente Xefatura o pertinente informe en prazo, a efectos do seu posterior envío.*

*Os escritos mencionados e as recomendacións ou suxerencias que, en relación con tales queixas, sexan formuladas polas Institucións citadas, serán do coñecemento da Comisión mediante o traslado que dos mesmos se efectue ó Secretario da Comisión para a súa inclusión na orde do día das sesións deste órgano.*

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.**

*As persoas que actualmente desempeña os cargos institucionais do Valedor do Cidadán e de Adxunto do Valedor manteranse nas súas funcións ata a finalización do vixente mandato corporativo.*

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA.**

*En tanto non se dote á Comisión, polos órganos competentes da Administración Municipal, de persoal administrativo e medios materiais e económicos necesarios para o seu funcionamento, corresponderá ó servizo de Participación Cidadá do Concello prestarlle dito apoio.*

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA**

*Coa constitución da Comisión Especial de Reclamacións e Suxerencias, queda extinta a figura do Valedor do Cidadán, no sentido contemplado no Regulamento aprobado polo Pleno municipal en data 26.03.2001.*

*Queda derogado no demais o Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán e as outras normas de igual ou inferior rango que se opoñan ó disposto no presente Regulamento.*

*DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA.*

*Este Regulamento orgánico entrar en vigor ós quince días hábiles seguintes ó da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.*

**3(541).- PROXECTO DE REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONSELLO SOCIAL DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 1178/110.**

Antecedentes

Con data 29.04.04 o secretario xeral do Pleno emite informe xurídico sobre o Proxecto do regulamento orgánico do Consello Social da cidade de Vigo, que di o seguinte:

*LEXISLACIÓN APLICABLE.-*

*-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).*

*ANTECEDENTES.-*

*A Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local modificou substancialmente o réxime xurídico das grandes cidades e preveu para estas –art. 131 LBRL- a existencia dun Consello Social integrado por respresentantes das organizacións económicas, sociais, profesionais e de veciños máis representativas.*

*INFORME.-*

*A Disposición Transitoria Primeira da Lei 57/2003 textualmente indica:*

*“Los Plenos de los Ayuntamientos a los que resulte de aplicación el régimen previsto en el Título X de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de Régimen Local, introducido por esta ley dipondrán de un plazo de SEIS MESES desde su entrada en vigor para aprobar las normas orgánicas necesarias que adapten su organización a lo previsto en dicho Título”.*

*O art. 131 da LBRL sinala que nas cidades ás que lles é de aplicación o Título X existirá un Consello Social ó que lle corresponderá, ademais das funcións que determine o Pleno mediante normas orgánicas, a emisión de informes, estudos e propostas en materia de desenvolvemento económico local, planificación estratéxica da cidade e grandes proxectos urbanos.*

*A natureza orgánica da norma que ha de regula-la composición, competencias, organización e funcionamento do Consello Social implica que a súa aprobación require do voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación (art. 123.2. LBRL).*

*A Comisión redactora designada no seu día pola Alcaldía para a elaboración das normas orgánicas necesarias para o desenvolvemento da Lei de Modernización redactou o proxecto normativo que agora se somete a aprobación, no que constan lixeiras variacións introducidas pola Comisión de Seguimento integrada por representantes dos grupos municipais.*

*Entende esta Secretaría que o documento na súa redacción final axústase integramente ás previsións e mandatos da Lei debéndose destacar do mesmo a necesidade de que para o funcionamento do Consello se prevexa no orzamento municipal unha partida orzamentaria propia que poderá nutrirse das aportacións que para ese fin efectúen terceiros ou os axentes representados no Consello. Asemesmo é de resalta-la existencia dunha denominada “Comisión Permanente” que ten como principal fin colaborar co Pleno do Consello e prepara-las súas reunións e acordos o que implica unha vontade de perfección e rigor no funcionamento deste órgano participativo e consultivo.*

*Polo que se refire ó Procedemento de aprobación o art. 127.1.a) da LBRL sinalar que, previa á súa aprobación plenaria, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de Regulamento o que implica que este expediente constitue unha proposta do equipo de goberno ó máximo órgano municipal de representación. Realizada tal aprobación deberá someterse a dictame da Comisión Informativa competente en razón da materia que o elevará paa a súa aprobación inicial ó Pleno. Conseguida esta co quorum antes mencionado o expediente someterase a*

*información pública polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio no BOP a efectos de que os interesados nese prazo efectuen as reclamacións e suxerencias que consideren convenientes que, tralo seu informe técnico, serán resoltas polo Pleno na fase de aprobación definitiva (art. 49 LBRL), adoptada esta procederese á publicación íntegra do texto regulamentario no BOP a efectos da súa entrada en vigor (art. 70.2 LBRL).*

A Excma. Alcaldesa, con data 30.04.04, formula a seguinte proposta á Xunta de Goberno:

*Examinado o proxecto de Regulamento Orgánico do Consello Social da Cidade de Vigo elaborado pola Comisión redactora designada ó efecto, e visto o informe preceptivo que respecto ó mesmo emitíu o Secretario Xeral do Pleno proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Primeiro.- Aproba-lo Proxecto de Regulamento Orgánico do Consello Social da Cidade de Vigo segundo o texto que figura no anexo a este acordo.*

*Segundo.- Propoñer ó Pleno a súa aprobación inicial sometendo o mesmo a información pública mediante inserción de anuncio no BOP a efectos de que os interesados no prazo de 30 días hábiles efectuen as reclamacións e suxerencias que consideren convinte debéndose entender definitivamente aprobado o regulamento no suposto de que non se produxeran.*

*Terceiro.- Proceder, no caso de aprobación definitiva, á publicación íntegra do texto regulamentario no BOP a efectos da súa entrada en vigor.*

Con data 3.05.04 a Comisión técnica para a redacción dos regulamentos de desenvolvemento da Lei 57/2003, efectuou modificacións no texto do proxecto de regulamento, xa incluídas na parte dispositiva deste acordo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Excma. Alcaldesa e tendo en conta as modificacións introducidas pola devandita Comisión, acorda:

Primeiro.- Aprobalo Proxecto de Regulamento Orgánico do Consello Social da Cidade de Vigo segundo o texto que de seguido se transcribe.

Segundo.- Propoñer ó Pleno a súa aprobación inicial sometendo o mesmo a información pública mediante inserción de anuncio no BOP a efectos de que os interesados no prazo de 30 días hábiles efectúen as reclamacións e suxerencias que consideren convinte debéndose entender definitivamente aprobado o regulamento no suposto de que non se produxeran.

Terceiro.- Proceder, no caso de aprobación definitiva, á publicación íntegra do texto regulamentario no BOP a efectos da súa entrada en vigor.

#### *PROXECTO DO REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONSELLO SOCIAL DA CIDADE DE VIGO.*

#### *TÍTULO I*

#### *DISPOSICIÓN XERAIS*

##### Artigo 1.- Natureza.

*De conformidade co previsto no artigo 131.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establécese, con carácter indefinido, o Consello Social da Cidade de Vigo como órgano participativo de carácter consultivo das organizacións económicas, sociais, profesionais e de veciños máis representativos do municipio. Gozará de plena autonomía e independencia no exercicio das súas funcións e rexerá polo disposto neste Regulamento e pola norma interna de desenvolvemento que, no seu caso, aprrobe.*

##### Artigo 2.- Funcións.

*Corresponderánlle as seguintes funcións:*

- a) Constituírse en foro de diálogo e canle de participación dos axentes económicos e sociais da cidade.*
- b) A emisión do informe anual da situación económica e social do municipio que remitirá ó Pleno dentro do primeiro semestre de cada ano.*
- c) Sen prexuízo do posicionamento ou valoración que en cada caso queira manifestar o Consello Social tomará coñecemento e quedará enterado, con anterioridade a súa aprobación provisional das propostas de acordo dos expedientes relativos ó proxecto de orzamento municipal, ordenanzas fiscais, Plan Xeral de Ordenación Municipal e aqueles outros acordos municipais con transcendencia económico-social referidos á planificación estratéxica da cidade ou grandes proxectos de infraestrutura urbana.*
- d) A emisión de informes, estudos e propostas en calquera outra materia por propia iniciativa ou por solicitude dos órganos municipais.*

- e) *Impulsar a elaboración e execución de proxectos e iniciativas socioeconómicas orientadas á mellora e desenvolvemento da vida económica, social e cidadá de Vigo.*
- f) *Propoñer e impulsar a realización de actividades divulgativas, formativas ou de encontro relacionadas coas súas funcións.*
- g) *Fomentar a colaboración entre os seus membros, podéndose concretar na sinatura de convenios de colaboración.*
- h) *Calquera outra que se lle puidese encomendar.*

Artigo 3.- Carácter consultivo.

*Os informes emitidos polo Consello Social da Cidade de Vigo terán carácter consultivo e non vinculante.*

Artigo 4.- Informes.

- 1.- *O prazo para a emisión de estudos e informes será de trinta días naturais contados a partir da remisión da documentación ou solicitude, agás que nela se fixe outro maior ou menor cando razóns de oportunidade ou urxencia o aconsellen, sen prexuízo do disposto nas disposicións legais e regulamentarias que sexan de aplicación.*
- 2.- *Transcorrido o prazo sen realizar o pronunciamento correspondente poderase entender por decaída a oportunidade.*

Artigo 5.- Medios.

- 1.- *O Concello proporcionará ó Consello Social da Cidade de Vigo o apoio material, administrativo e técnico preciso para ó seu funcionamento.*
- 2.- *O Consello contará cos recursos económicos que para o cumprimento dos seus fins se consignen na partida orzamentaria propia que a este fin exista nos orzamentos xerais do Concello, sen prexuízo das achegas que se puidesen percibir daqueles axentes representados no Consello ou de terceiros.*
- 3.- *Ós efectos anteriores o Consello Social aprobará anualmente un Plan de Ingresos e Gastos debendo a Intervención Municipal fiscaliza-los acordos dos órganos do Consello que den lugar ó recoñecemento de liquidacións e de dereitos e obrigas ou gastos de contido económico así como dos ingresos e pagos que se deriven. Anualmente o Presidente dará conta ó Consello da liquidación do Plan de Gastos.*
- 4.- *O Concello facilitará ó Consello a información e documentación precisa para o cumprimento das súas funcións.*

Artigo 6.- Facultades.

*Para o cumprimento das súas funcións, o Consello Social da Cidade de Vigo terá as seguintes facultades:*

- 1.- Solicitar, a través da Alcaldía, a información e documentación precisa para a elaboración dos seus estudos e informes.
- 2.- Solicitar doutras Administracións, Institucións ou Organizacións a información que estime precisa.
- 3.- Promover as reunións que considere precisas con profesionais tecnicamente cualificados e representantes dos distintos sectores para debater cuestións sobre as que o Consello deba pronunciarse.

## TÍTULO II

### Da súa organización e funcionamento

#### Artigo 7.- Organización.

Os órganos do Consello Social da Cidade de Vigo son o Pleno, o Presidente, o Vicepresidente, a Comisión Permanente e o Secretario.

#### Artigo 8.- O Pleno do Consello.

1.- O Pleno do Consello Social da Cidade de Vigo, é o supremo órgano de decisión e formación de vontade do Consello. Estará integrado, ademais de polo seu presidente, polos representantes das organizacións económicas, sociais, profesionais e veciñais máis representativas e en particular polos seguintes membros:

- a) Un membro de cada un dos grupos políticos municipais existentes no Concello.
- b) Seis membros en representación das centrais sindicais que obtivesen a condición de maior representatividade de acordo coa Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical.
- c) Seis membros en representación das organizacións empresariais que gocen de capacidade representativa de acordo co previsto no Estatuto dos Traballadores.
- d) Seis membros coa seguinte distribución:
  - Un representante da Universidade de Vigo.
  - Un representante da Federación das Asociacións de Veciños.
  - Un representante da Entidade Caixanova.
  - Un representante do Consorcio da Zona Franca de Vigo.
  - Un representante da Autoridade Portuaria de Vigo.
  - Un representante elixido polos Colexios Profesionais que teñan sede na cidade de Vigo.

2.- O nomeamento dos membros do Consello Económico e Social da Cidade de Vigo realizarase por Decreto da Alcaldía a proposta das entidades e organizacións representadas, que poderán, asemade, designar un suplente. O Decreto publicarase no BOP.

3.- A designación dos membros do Consello realizarase ó principio de cada mandato sen prexuízo da súa reelección e ou substitución cando proceda. No suposto de que se leve a cabo dentro de cada período a substitución dalgúns dos seus membros, a duración do mandato do que se incorpore por esta causa finalizará coa primeira renovación do Consello posterior ó seu nomeamento.

4.- Os membros titulares do órgano tan só poderán ser substituídos polo seu suplente sen que sexan admisibles as asistencias por delegacións efectuadas a favor doutros membros do seu grupo ou terceiros membros das asociacións ou entidades representadas. O voto será, polo tanto, persoal e indelegable.

5.- O Pleno reunirse en sesión ordinaria unha vez cada seis meses. Asemade, reunirse con carácter extraordinario a convocatoria do Presidente, por propia iniciativa, cando o solicite unha cuarta parte dos seus compoñentes ou cando o acorde a Comisión Permanente.

A convocatoria remitirase ós compoñentes do Pleno alomenos con seis días de antelación á data sinalada para a súa realización. Deberá conter a orde do día da sesión e acompañarase da documentación específica sobre os temas a tratar; se isto non fose posible, conterá a indicación de que a dita documentación atópase a disposición dos membros do Pleno na Secretaría do Consello. En casos de convocatoria extraordinaria a notificación da mesma poderá cursarse con dous días de antelación.

6.- En segunda convocatoria será suficiente a presenza dun tercio dos seus membros. A segunda convocatoria entenderase producida con carácter automático transcorrida media hora dende a sinalada para a primeira.

7.- Os acordos adoptaranse por maioría simple dos membros presentes, en caso de empate o voto da Presidencia terá carácter dirimente. Recoñécese o dereito dos discrepantes a formular votos particulares que deberán unirse á resolución correspondente.

8.- Ás sesións do Consello Social, que non serán públicas, poderán asistir aqueles especialistas, técnicos ou personalidades que se considere necesario, os cales participarán con voz e sen voto.

9.- Poderanse crear Comisións de Traballo, coa forma de organización e xestión que se estimen oportunas, có obxecto de estudo e elevación de propostas ó Pleno sobre asuntos concretos. Nelas poderán participar institucións, entidades ou persoas distintas ás representadas no Pleno, poderán asistirse dun ou varios técnicos ou asesores expertos nas materias a tratar.

10.- No regulamento de réxime interno do Consello regularase o réxime de asistencias dos seus membros e a posible perda da condición en caso de inasistencias continuadas.

#### Artigo 9.- O Presidente.

O Presidente será o Alcalde-Presidente ou membro da Corporación Local en quen delegue. Corresponderalle ó Presidente:

- a) Ostentar a representación do Consello.
- b) Presidir, convocar as sesións e moderar os debates.
- c) Formular a orde do día das sesións.
- d) Ordenar a publicación dos acordos do Consello e dispoñer o seu cumprimento.
- e) Solicitar, no nome do Consello, a colaboración que estime oportuna de institucións, autoridades, organismos, entidades, asociacións e particulares.
- f) Solicitar do Pleno do Concello a ampliación do prazo establecido nas peticións de informe ou dictame que se dirixan ó Consello.



Artigo 10.- O Vicepresidente.

O Vicepresidente substituirá ó Presidente en casos de ausencia, vacante ou enfermidade, asistirá e colaborará coa Presidencia no exercicio das súas funcións, realizará aquelas que expresamente lle delegue e será designado por este de entre os membros do Pleno do Consello.

Artigo 11.- A Comisión Permanente.

A Comisión Permanente estará composta polo Presidente, os representantes dos grupos políticos municipais e seis membros titulares do Pleno do Consello a razón de dous representantes de cada un dos grupos referidos nas letras b), c) e d) do artigo 8, estes e os seus suplentes serán designados polo Pleno a proposta de cada un dos mencionados grupos.

A Comisión reunirse necesariamente con carácter previo ás convocatorias ordinarias do Pleno ó obxecto de preparar ditas sesións e cantas veces sexa convocada polo Presidente ou a solicitude dunha cuarta parte dos seus membros.

Cando así o acorde a Comisión ou a proposta do Presidente poderán asistir ás súas sesións outras persoas ou entidades en calidade de invitados con voz e sen voto.

Artigo 12.- Funcións da Comisión Permanente.

A Comisión Permanente é o órgano colexiado colaborador do Pleno nos asuntos do Consello e ademais das funcións que expresamente lle delegue o Pleno, ten as seguintes competencias específicas:

- a) *Propoñer a convocatoria das reunións do Pleno con carácter extraordinario.*
- b) *Preparar as sesións ordinarias do Pleno.*
- c) *Coordinar os estudos das Comisións de traballo que no seu caso se constitúan.*
- d) *Elaborar propostas para a súa elevación ó Pleno.*
- e) *Acordar a asistencia ó Pleno de técnicos, expertos ou asesores externos en función da orde do día da sesión.*
- f) *Efectuar o seguimento dos dictames, estudos ou informes que deba emitir o Consello.*
- g) *Executar a contratación de estudos ou informes externos.*
- h) *Elaborar un regulamento de réxime interno no que se desenvolva o funcionamento do Consello para a súa posterior aprobación, por maioría absoluta, do Pleno e posterior elevación ó Pleno municipal.*

Artigo 13.- O Secretario.

1.- *Realizará as funcións de secretario do Consello Social da Cidade de Vigo, do Pleno do Consello e da Comisión Permanente ó Secretario do Pleno do Concello ou funcionario en quen delegue.*

2.- *Son funcións do Secretario:*

- a) *Trasladar as convocatorias das sesións do Consello, por orde do Presidente.*
- b) *A redacción das actas do Consello, autorizalas coa súa sinatura e co visto e prace do Presidente e dar curso correspondente ós acordos que se adopten.*
- c) *Expedir certificacións de acordos.*
- d) *O asesoramento técnico á Presidencia.*

- e) Custodiar a documentación do Consello.
- f) As demais que lle sexan encomendadas polo Pleno ou polo Presidente.

Disposición Adicional Primeira.- Publicados os nomeamentos dos integrantes do Pleno no BOP, os seus membros tomarán posesión do seu cargo na primeira sesión que convoque o Presidente.

Disposición Adicional Segunda.- Corresponde ó Pleno do Consello a facultade de interpretar o presente regulamento e integrar a súas posible lagoas. Igualmente corresponde ó Pleno propoñer ó Pleno do Concello a súa reforma sendo necesario para isto o voto favorable da maioría absoluta dos seus membros.

Disposición Transitoria.- Dentro do prazo do mes seguinte ó da entrada en vigor deste Regulamento as organizacións asociacións e entidades competentes proporán á Alcaldía o nomeamento dos seus representantes no Consello. A estes efectos os Colexios Profesionais mencionados no artigo 8.1.d) serán notificados polo Alcalde ó obxecto de que no prazo indicado, e previa reunión que entre eles realicen, propoñan mediante escrito o titular e suplente que lles corresponde.

Disposición derogatoria. Queda derogado o acordo de creación do Consello Económico-Social do Concello de Vigo aprobado polo Pleno da Corporación municipal en sesión ordinaria do 27 de febreiro de 1992, coas súas modificacións, así como calquera outro regulamento municipal ou acordo que se opoña, contradiga ou resulte incompatible ó presente regulamento. A derogación mencionada implica o cese dos actuais membros do Consello Económico Social da cidade.

Disposición Final. O presente regulamento entrará en vigor nos termos do artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

#### **4(542).- PLAN E MEDIDAS DE CHOQUE PARA O DESENVOLVEMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E IMPULSO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA NO CONCELLO. EXPTE. 1236/101.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe do coordinador do sistema de información e web municipal, de data 20.04.04, que di o seguinte:

*A Lei 57/2003 de 16 de Decembro, sobre as medidas para a modernización do goberno local, establece a aplicación necesaria das novas tecnoloxías da información e a comunicación de forma interactiva, para facilitar a participación e a comunicación cós veciños, así como para facilitar a realización de trámites administrativos e a introducción na lexislación básica sobre réxime local das iniciativas cidadáns.*

*A Comisión Especial de Estudio, da administración Xeral do Estado, para o desenvolvemento da Sociedade da Información ha posto de manifesto a necesidade de establecer áveos institucionais que permitan as distintas administracións (especial mención a autonómica), aborden proxectos de maneira coordinada en aras a unha mellor prestación de servizos públicos mediante o uso das Tecnoloxías da Información e as Comunicacións,*

A iniciativa eEurope 2005 resalta vinte servicios, dos cales nove son competencia conxunta da Administración Xeral do Estado, Comunidades Autónomas e Administración Local. O programa de actuacións español, como unha medida da Reorganización Interna das Administracións Públicas ten a de Coordinación cas Administracións Territoriais para o impulso da Administración Electrónica.

En cumprimento do indicado na orde de servicio da Sra. Alcaldesa de data 19 abril 2004, e coa base exposta:

1º Presento, en ANEXO 1, o Plan e Medidas de choque para o desenvolvemento da Sociedade da Información e Impulso da Administración electrónica en noso Concello. As aplicacións dalgunhas medidas terán incidencia económica e por tanto deberán ser propostas individualmente de acordo co orzamento.

2º Unha posible acción, dentro das medidas do anterior plan é O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA, A CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS E OS CONCELLOS PARA A IMPLANTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS E DE TELECOMUNICACIÓNS, en ANEXO 2 (expte. anexoado 1254/113), que dentro do programa de reforma e modernización da Administración autonómica logo do acordo de 15 de febreiro de 1996 co o Consello Federal da FEGAMP, e do posterior de 17 de setembro do 2001, formalizou unha addenda para a posta en explotación dun portal en internet EIDOLocal.

Considero positiva, conveniente a sinatura do convenio, non limitandolo, polos seguintes motivos:

Aportaría de inmediato a ventaxa, que incide na operatividade do Concello, da Consulta sen limitacións da Base de datos do DOGA e dentro dos servicios relacionados coa tramitación electrónica unha importantísima axilización e aforro nas publicacións no mesmo. Así mesmo daría impulso e deixaría constancia da nosa intención de dar o máximo servicio ó cidadán traballando na coordinación de servicios a prestar coa Xunta de Galicia. Outra vantaxe é que nos permitiría ter xa unha vía de cooperación para a negociación do sistema de sinatura electrónica e outros próximos.

Se ven a cláusula terceira do convenio, parece que en un principio pode ser gravosa por sobrecargarnos de tarefas de rexistro, non creo que xea tal á no fixar o detalle das actividades a desenvolver e o prazo de posta en funcionamento das mesmas, que poderán ser abordadas polo Concello en función dos seus recursos. A comisión de seguimento na que ten representante o Concello de Vigo debe dar solución as controversias e traballar nun calendario de postas en funcionamento en función do indicado.

### Acordo

A Xunta de Goberno acorda:

Primeiro. Prestar a súa aprobación ó Plan de choque para o impulso da administración electrónica en Vigo que consta como anexo I no informe de data 20 de abril de 2004 do Coordinador do S.I e Web municipal.

Segundo. Aprobar a adhesión do Concello de Vigo ao proxecto Eidolocal e Portelo Único promovido pola Xunta de Galicia e a FEGAMP sen a salvedade que establecera, en relación coa instalación do rexistro de entrada e saída de documentos, a Comisión de Goberno de data 6 de outubro de 2003, e, en consecuencia, prestar a súa aprobación íntegra ó convenio de colaboración entre a Consellería

da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, a Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local e os Concellos para a implantación e desenvolvemento dos servizos informáticos e de telecomunicacións.

**5(543).- BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES DE IMPLANTACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS DA COMUNICACIÓN EN ENTIDADES NON LUCRATIVAS PARA O ANO 2004. EXPTE. 407/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 15.04.04, a conformidade da interventora xeral, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Atención Cidadá, do 8.03.04, conformado pola concelleira delegada de dito servizo, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aproba-las bases da convocatoria de subvencións para actividades de implantación das novas tecnoloxías da comunicación en entidades non lucrativas para o ano 2004, que de seguido se transcriben.

2º.- Autoriza-lo gasto de 18.631,38 € con cargo á partida 4631.4890001 do orzamento xeral do Concello para o ano 2004.

*BASES PARA ACTIVIDADES DE IMPLANTACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS DA COMUNICACIÓN EN ENTIDADES NON LUCRATIVAS (CONVOCATORIA 2004)*

LIMIAR

*Co fin de promover-la democracia participativa, o Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Vigo recolle entre os seus principios básicos “facilitar e promover-la iniciativa e participación dos/as veciños/as e entidades cidadás” (a título individual e agrupados de xeito formal ou informal), así como “fomentar o asociacionismo cidadán”.*

*Un dos instrumentos para o desenvolvemento da democracia participativa é a concesión de subvencións, anualmente recollidas no Orzamento Municipal. Con elas preténdese apoiar proxectos e actividades que permitan afondar nunha dinámica de participación cidadá plural, diversa e anoadora co apoio a implantación e uso das novas tecnoloxías da comunicación.*

CAPÍTULO I: BASES TÉCNICAS

---

PRIMEIRA. OBXECTO

*1. As presentes bases regulan a concesión de subvencións a aquelas entidades que desenvolvan actividades incluídas nos ámbitos de participación cidadá, sociocomunitario e/ou de mellora organizativa das entidades desenvoltas dende o 1 de xaneiro ata o 30 de novembro do 2004. As actividades que se leven a cabo no mes de decembro incorporaranse dentro da convocatoria seguinte.*

2. A contía global das axudas non excederán de 18.631,38 euros, e concederanse con cargo á partida orzamentaria 4631.4890001 do orzamento xeral do Concello para o ano 2004. Se, unha vez adxudicadas as subvencións, non se esgotase a partida orzamentaria, poderá efectuarse unha convocatoria complementaria.

3. Cada axuda, individualizada por solicitante, non superará o 10% do importe citado no apartado anterior.

#### SEGUNDA: SOLICITANTES

1. Poderán ser solicitantes das subvencións aquelas entidades non lucrativas, agrupadas ou non, que realicen actividades enmarcadas na disposición 1ª-1 e que cumpran cos requisitos xerais das bases e cos específicos de cada programa.

2. Supostos excluídos.

- As entidades sen ánimo de lucro que non se atopen inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións ou as que non teñan os seus datos actualizados, segundo o previsto no artigo 8 do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Vigo.
- As entidades exclusivamente deportivas de carácter federado.
- As vocalías dependentes directa ou indirectamente dunha asociación.
- Administracións públicas, así como entidades ou departamentos que dependan directa ou indirectamente delas, orgánica ou orzamentariamente.
- As entidades que non teñan debidamente xustificadas axudas recibidas en anos anteriores.
- En xeral, as entidades que non cumpran os requisitos indicados nas bases ou na normativa sobre subvencións concedidas polo Concello de Vigo.

#### TERCEIRA: PROPOSTAS SUBVENCIONABLES

1. As propostas subvencionables son:

- Custos de conexión a internet por medios de banda ancha (RDSI, ADSL e fibra óptica).
- Instalacións de rede de ordenadores tanto cableadas como inalámbricas.
- Alugamento de espazo en servidores web para aloxamento de páxinas.
- Adquisición de nomes de dominios.
- Elaboración de páxinas web.

2. Quedan excluídas as propostas:

- Que teñan unha canle específica de subvención por parte doutros departamentos do Concello.

#### CUARTA: CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR PROGRAMAS

- |   |   |      |
|---|---|------|
| 1 | Criterios de avaliación do proposta   | 50 % |
|   | a) Calidade técnica da proposta.  |      |
|   | b) Cantidade, diversidade e novación das actividades propostas.                         |      |
| 2 | Criterios de avaliación da entidade solicitante:  | 50 % |
|   | a) Actividade continuada acreditada nos tres últimos anos.                              |      |
|   | b) Accións relacionadas coas novas tecnoloxías executadas durante os tres últimos anos. |      |
|   | c) Localización física da asociación no termo municipal.                                |      |
|   | d) Núcleo de poboación dependente.  |      |

## CAPÍTULO II: BASES ADMINISTRATIVAS

---

### QUINTA: SOLICITUDE

1. A subvención presentárase en instancia de solicitude no prazo de 20 días naturais contados a partir do día seguinte da súa publicación na prensa local e no taboleiro de anuncios do Concello. Achegárase:

- *Datos da entidade/persoa física e, de se-lo caso, datos da persoa que representa á entidade.*
- *Aquelas programas ós que se presenta proposta e o importe de axuda solicitada.*

2. A documentación que se achegará á instancia de solicitude será:

2.a Por solicitante:

- o *Na documentación a achegar deberá de constar unha declaración xurada consonte non obtivo a concesión de axuda ou subvención, por entidade pública ou privada, polos mesmos conceptos obxecto das presentes bases, e no caso contrario achegará certificación da entidade outorgante onde conste o concepto da axuda e o seu importe.*
- o *Fotocopia compulsada do CIF*
- o *Certificado da titularidade da conta bancaria.*
- o *Certificación expedida de estar ó corrente das obrigas fiscais (Concello, Consellería de Facenda e Axencia Estatal da Administración Tributaria).*
- o *Certificación de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, no caso de ter persoas contratadas ou declaración xurada no caso contrario asinada polo presidente da entidade conforme o modelo do Anexo III.*
- o *Certificación do acordo de solicitar a subvención conforme o modelo do Anexo I.*

2.b *Quedarán eximidas da presentación da documentación requirida aquelas entidades inscritas no rexistro Municipal de Asociacións a teñan actualizada e vixente.*

2.c *Anexo II: Documentación da proposta de actividade e información complementaria. Poderase presentar máis dunha proposta de actividade por cada programa de subvención cumprimentando necesariamente a información solicitada no formulario deste anexo.*

3. A porcentaxe de financiamento de cada actuación obxecto de subvención fíxase individualmente por solicitude en función do seu interese a criterio da Concellería da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, de acordo coa normativa vixente en materia de subvencións. Os importes polos que se concedan deberán responder a criterios obxectivos previamente establecidos e regulados nas mesmas bases.

4. As axudas previstas nesta convocatoria serán compatibles con calquera outras de natureza pública ou privada sempre e cando o seu importe total non exceda do 100 % do custo total do proxecto.

5. En tódalas accións obxecto de subvención deberá constar o patrocinio da concellería da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.

6. Nas páxinas web porase o logotipo da concellería da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, segundo o modelo que se entregará polo servizo de Atención Cidadá.

### SEXTA: OBRIGAS DO BENEFICIARIO

1. Os/as beneficiarios/as de subvención adquiren as seguintes obrigas:

- *Levar a cabo a proposta que fundamenta a concesión da axuda na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, etc) e responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.*
- *Facer constar en lugar destacado das propostas subvencionadas a colaboración da Concellería da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, incorporando o seu logotipo segundo o modelo que entregará o servizo de Atención Cidadá. Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.*
- *Emprega-la lingua galega nos distintos soportes de difusión de actividades. En todo caso, estarase ó disposto na Ordenanza de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.*
- *Comunicar calquera eventualidade na programación e/ou orzamento da proposta realizada, así como a obtención de axudas para a mesma finalidade, segundo o procedemento previsto na disposición 8ª-7.*
- *Someterse ás actuacións de seguimento, control e inspección que o Concello considere necesarias.*
- *Responder legalmente da falla de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.*
- *Acreditar a execución da proposta que fundamenta a concesión da axuda e cumprir os requisitos de xustificación que se determine.*

#### SÉTIMA: XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

*1. Os/As beneficiarios/as xustificarán a execución da proposta subvencionada nos 30 días hábiles seguintes á súa finalización. En todo caso, a data límite para a presentación da xustificación será o 30 de novembro de 2004. De non cumprirse este requisito perderase o dereito a percibi-la axuda.*

*2. A xustificación de cada programa subvencionado efectuarase mediante a entrega da seguinte documentación:*

- *Solicitude de liquidación final.*
- *Memoria descritiva do desenvolvemento da proposta de subvención aceptada.*
- *Relación numerada de gastos efectuados, achegando facturas orixinais polo importe definitivo subvencionado expedidas segundo as condicións do artigo 3 do R.D. 2402/1985. De ter pagamentos a persoas físicas e/ou profesionais, copia das liquidacións das retencións do IRPF presentadas na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*

*3. O pagamento da subvención efectuarase mediante transferencia bancaria unha vez sexa xustificada.*

#### OITAVA: PROCEDIMENTO

*1. A presentación das instancias e da documentación esixida terá lugar no Rexistro Xeral do Concello segundo os prazos indicados para cada caso, ben directamente ben por calquera das formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992.*

*2. A Concellería de Participación Cidadá poderá prolonga-lo prazo de solicitudes, se o cre oportuno, ou abrir un novo prazo se non se esgotase a partida orzamentaria dedicada a este programa ou o aconsellen outras circunstancias excepcionais suficientemente motivadas. A prórroga non excederá da metade do prazo fixado inicialmente para o procedemento.*

*3. De se-lo caso de que as solicitudes non cumpran os requisitos esixidos nas bases ou a documentación achegada contivese erros ou fose insuficiente, a Concellería da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, requiriralle ó/a solicitante que, nun prazo non superior a 10 días a partir da recepción da correspondente*

notificación, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, desestimárase a súa petición, que se arquivará sen máis trámites ó abeiro do disposto no artigo 71 da Lei 30/1992.

4. A aprobación das subvencións, en función das solicitudes presentadas, corresponderalle á Xunta de Goberno Local. Esta resolución adoptárase á vista dos informes técnicos da Concellería da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, conforme ós criterios de avaliación establecidos na disposición 4ª e dentro do prazo máximo de dous meses a partir da finalización do prazo de solicitude. En todo caso, as subvencións, e en particular o acto do seu outorgamento, axustaranse ás seguintes normas:

- Non terán carácter contractual.
- Concederanse en réxime de libre concorrència.
- Non serán invocables como precedente.
- Non será esixible revisión, aumento ou renovación da subvención.

5. A orde de resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e comunicaráselle ós correspondentes beneficiarios. Esgotado o prazo máximo de 6 meses para resolve-lo procedemento sen resolución expresa a favor, entenderase desestimada a solicitude conforme o artigo 43-2ª c da Lei 30/1992.

6. Reclamacións:

- Contra a resolución poderá interperse recurso de reposición perante o órgano de resolución, no prazo dun mes a partir da recepción da súa notificación, ou no caso de desestimación por silencio administrativo, de tres meses a partir desta. Entenderase desestimado o recurso se transcorre outro mes sen resposta.
- Contra a resolución do recurso de reposición, ou contra a súa presunta desestimación, poderá interperse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), nos dous meses seguintes á súa notificación ou desestimación presunta.
- Potestativamente, poderá interperse directamente Recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, renunciando á interposición do recurso de reposición, no prazo de dous meses a partir da resolución da concesión de subvención. No caso de desestimación da solicitude por silencio administrativo, o prazo é de seis meses.

7. A aparición de eventualidades na execución do programa e/ou no orzamento da proposta realizada comunicarase no prazo máximo dun mes a partir do momento en que se produzan, solicitando simultaneamente, de proceder, modificación de concesión da presente subvención. Esta modificación realizarase sempre antes de que remate a execución da proposta subvencionada e, en ningún caso, suporá incremento na subvención. O prazo de resolución da solicitude de modificación da concesión será dun mes a contar dende a súa entrada no Rexistro Xeral. Transcorrido o prazo sen resolución expresa entenderase estimada a solicitude.

8. As subvencións serán compatibles con calquera tipo de axuda concedida por diferentes administracións ou entes públicos ou privados. En todo caso, o importe total das axudas recibidas non poderá ser nunca superior ó custo da proposta na que se aplique, debendo nese caso solicitar redución da concesión ata iguála-lo seu custo. Tampouco será compatible con outras axudas do Concello de Vigo polo mesmo obxecto que se subvencione.

NOVENA: SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN



1. O Concello de Vigo, polos medios que estime oportunos, realizará o seguimento, control e inspección do cumprimento dos programas subvencionados nas presentes bases, así como da aplicación dos fondos concedidos ás partidas presupostadas.

#### DÉCIMA: REVOGACIÓN DA SUBVENCIÓN

1. O incumprimento por parte do beneficiario/a das subvencións de calquera dos requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, así como a variación da finalidade da actuación ou a insuficiente xustificación do proxecto, poderán dar lugar a revogación da subvención e a obriga de reintegrar a totalidade da axuda percibida e a esixencia de intereses de demora dende o momento do seu pago.

#### DÉCIMO PRIMEIRA: RESPONSABILIDADE E RÉXIME SANCIONADOR

1. Os/as beneficiarios/as de subvencións estarán sometidos ás responsabilidades e ó réxime sancionador que sobre infraccións administrativas na materia establece o artigo 82 da Lei Xeral Orzamentaria.

#### DÉCIMO SEGUNDA: DESENVOLVEMENTO

1. A concelleira-delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, queda facultada para tomar todas aquelas iniciativas que contribúan ó cumprimento destas bases e estará suxeita en todo caso á lexislación vixente en materia de subvencións.

#### DECIMO TERCEIRA: RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN

1. As presentes bases atopanse no ámbito previsto na disposición transitoria 2ª da Lei 38/2003 Xeral de subvencións, ao non dispor o Concello das normas municipais adaptadas a nova lei, e rexiranse polo tanto pola actualmente en vigor conforme o establecido na base 38 de execución dos orzamentos do concello para o ano 2003 e Regulamento de subvencións aprobado polo Pleno o 30 de novembro de 1988.

**6(544).- SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 243-2003 INTERPOSTO POR D. RICARDO RODRÍGUEZ FERREIRO EN RELACIÓN COA LIQUIDACIÓN DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO DOS ANOS 1998-2001 CORRESPONDENTE Ó Nº 19-2º D DA RÚA ALVARO CUNQUEIRO. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 15.04.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por Ricardo Rodríguez Ferreiro contra resolución de 22.07.03 co concelleiro delegado de Economía e Facenda do Concello de Vigo que desestima o recurso de reposición interposto contra liquidación de taxa por recollida de lixo correspondente ós exercicios 1998 a 2001 pola actividade levada a cabo na rúa Alvaro Cunqueiro 19-2º D; actos que declaro axustados a dereito. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta á Inspección e á Administración de Tributos.

**7(545).- SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 274/2003 INTERPOSTO POR ORDEN HOSPITALARIA DE S. JUAN DE DIOS EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE INGRESO INDEBIDO DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIONES, ISNTALACIÓNS E OBRAS. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 16.04.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola Orde Hospitalaria de San Juan de Dios contra resolución de 22.07.03 do concelleiro delegado de Economía e Facenda do Concello de Vigo, que inadmite o recurso de reposición interposto contra a de 30.10.02, que desestima o recurso de revisión no que se solicita a devolución como ingreso indebido do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) derivado de acta de proba preconstituída núm. 2490, de 20.07.00. Sen facer expresa imposición das custas deste recurso.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza que deberá darse conta á Administración de Tributos, á Inspección de Tributos e ó Servizo de Recursos e Asesoramento.

**8(546).- SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 233/2002 INTERPOSTO POR D. FRANCISCO JAVIER GUTIÉRREZ ORUE INTERPOSTO CONTRA ACORDO PLENARIO DO 25.03.02 QUE APROBA O PRESUPOSTO PARA O ANO 2002 E DESESTIMA RECLAMACIÓN FORMULADA POLO RECORRENTE. ESTIMADA EN PARTE.**

Dáse conta da sentenza de data 31.03.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo parcialmente o recurso contencioso administrativo interposto por Francisco Javier Gutierrez Orue contra o acordo do Pleno do Concello de Vigo de 25.03.02, que desestima a reclamación formulada polo recorrente e aproba de forma definitiva o presuposto do Excmo. Concello de Vigo para o ano 2002; acordo que modifíco no sentido de recoñecer como situación xurídica individualizada o dereito do actor a que se reclasifique a todos os efectos legais, o seu posto de xefe da Unidade de Participación cidadá equiparándolo, en canto ó nivel de complemento de destino atribuído, ó resto dos xefes da Unidade do Concello de Vigo durante o ano 2002, así como ás diferencias deixadas de percibir dende o 1 de

xaneiro de 2002 dos correspondentes xuros legais como indemnización, concretándose estas cantidades en execución de sentenza. Sen custas.

A letrada do Servizo de Asesoría Xurídica con data 28.04.04 emite informe no que fai constar “que a devandita sentenza foi obxecto de recurso de apelación cautelarmente (pola brevidade de prazos) ante o TXSG por parte desta Asesoría Xurídica unicamente no referente ó recoñecemento ó demandante dun maior nivel de complemento de destino ó estimar que existe fundamentación xurídica suficiente para iso. Polo que a Xunta de Goberno Local, de considerar acertada tal decisión, deberá adoptar acordo en tal sentido e retificar a interposición do recurso.”

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza e ratifica a interposición do recurso de apelación. Deberá darse conta do resolto ó departamento municipal de Persoal.

**9(547).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 01/0127/2003 INTERPOSTO POR D. ANTONIO VIVERO MIJARES CONTRA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE 26.12.02 DE NOMEAMENTO DO CABO DA POLICÍA LOCAL D. FCO. JAVIER CARBALLO ACUÑA COMO SUBOFICIAL EN PRÁCTICAS. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 21.04.03, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xutiza no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Que debemos desestimar e desestimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Antonio Vivero Mijares contra resolución da Alcaldía do Concello de Vigo, de data 26.12.02, pola que se acordo o nomeamento do cabo da Policía Local D. Francisco Javier Carballo Acuña, como suboficial en prácticas do mesmo corpo; todo iso sen facer imposición de custas.”

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta á Unidade de Persoal e o Servizo da Policía Local.

**10(548).- SENTENZA DO TSXG NO REC. DE APELACIÓN Nº 01/0216/03 INTERPOSTO POR D. JOSÉ BENITO VILLAVERDE VELEIRO CONTRA SENTENCIA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 276/02, SOBRE DIFERENCIAS RETRIBUTIVAS. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 24.12.03, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia interposto contra sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no procedemento abreviado nº 276/02, desestimatoria de recurso

contencioso administrativo interposto polo recorrente contra acordo da Comisión de Goberno do 17.06.02 que desestima a solicitude de aboamento de diferenzas retributivas por realización de funcións de superior categoría. O TSXG falla o seguinte:

Que debemos desestimar e desestimamos o recurso de apelación interposto por D. José Benito Villaverde Veleiro contra sentenza de data 19.09.03 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no procedemento abreviado que co número 276/02 se segue en dito Xulgado sobre diferenzas retributivas, e, en consecuencia, debemos confirmar e confirmamos os pronunciamentos contidos nela; impondo ó apelante o pago das custas devengadas nesta segunda instancia; e, con testemuño do presente, devólvense ó Xulgado de procedenza os autos e o expediente administrativo que no seu día remitiu.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta á Unidade de Persoal.

**11(549).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 01/1293/2002 INTERPOSTO POR D. JUAN CARLOS ROMÁN CASAS E D. JOSÉ MANUEL GONZALEZ UCHA CONTRA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA QUE OS EXCLÚE DE LISTADOS PROVISIONAL E DEFINITIVO DE ADMITIDOS PARA A OPOSICIÓN Á PRAZA DE TÉCNICO MEDIO DE SERVICIOS ECONÓMICOS. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 21.04.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que di o seguinte:

Que debemos desestimar e desestimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por D. José Amenedo Martínez, en nome e representación de D. Juan Carlos Román Casas e D. José Manuel González Ucha contra resolución do alcalde-presidente do Concello de Vigo de data 10.10.02 pola que se exclúe do listado provisional de admitidos para a praza de técnico medio de Servizos Económicos a D. Juan Carlos Román Casas e resolución de 30.10.02 por non figurar no listado definitivo de aspirantes á praza de técnico medio de Servizos Económicos; sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza do que deberá darse conta á Unidade de Persoal.

**12(550).- AUTO DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO Nº 58/2004 INTERPOSTO POR D. MANUEL ABALLE GONZALEZ EN RELACIÓN CON SILENCIO NEGATIVO A SOLICITUDE RETRIBUTIVA DO 29.01.03 E RECURSO ADMINISTRATIVO POSTERIOR. REMATADO O PROCEDIMENTO.**

Dáse conta do auto de data 16.04.04, dictado polo Xultado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que acorda o seguinte:

Declárase rematado o presente procedemento interposto por D. Manuel Aballe González contra o Concello de Vigo por existir satisfacción extraprocesual. Arquívase o actuado tomándose nota nos libros de rexistro deste Xulgado e procédase á devolución do expediente administrativo á demandada. Sen interposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto do que deberá darse conta á Unidade de Persoal.

**13(551).- CERTIFICACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA VIVENDA SITA EN CENTIEIRA Nº 29-CASTRELOS, REALIZADAS CON CARGO Á SUBVENCIONS PARA INFRAVIVENDA RURAL. EXPTE. 10870/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da traballadora social, do 4.05.05, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, que di o seguinte:

*A Comisión Municipal de Goberno de data 25/11/02, adoptou o acordo de solicitar ó Instituto Galego de Vivenda e Solo unha serie de subvencións para infravivenda social entre as que se atopa a solicitude para execución de obras na vivenda sita en Centieira, 29 – Castrelos, a nome de D. Celestino Rodríguez González.*

*Con data 26/12/02, a Intervención Xeral contabilizou unha autorización de crédito por importe de 5.182,80 € para facer fronte ó pago das obras, en base o presuposto aprobado pola oficina de rehabilitación municipal. O crédito consignado polo Concello sería completado, ata chegar o importe do presuposto aprobado, coa aportación do beneficiario das obras, en este caso por D. Celestino Rodríguez González.*

*A Comisión de Goberno, con data 8 de marzo de 2004 aprobou a acta de recepción das obras de acondicionamento da vivenda sita en Centieira, 29-Castrelos, da que é titular D. Celestino Rodríguez González.*

*Examinado ó expediente á vista das actuacións relacionadas, e tendo en conta obrigatoriedade de remitir o Instituto Galego de Vivenda e Solo , segundo se especifica no Decreto 343/1992 o amparo do cal se solicitou a axuda para obras de infravivenda, a certificación da total execución daquelas aprobada polo Concello, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“ Aproba-la certificación da execución total das obras de acondicionamento da vivenda sita en Centieira, 29 – Castrelos, da que é titular D. Celestino Rodríguez González, por un importe total de 5.311,85 euros, presentada pola empresa que executou ás obras, Construcciones Sito y Fernández S.L, e debidamente conformada pola oficina de rehabilitación do Concello de Vigo”*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(552).- CERTIFICACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA VIVENDA SITA NO CÑO. DE EIXÓN Nº 12, REALIZADAS CON CARGO Á SUBVENCIONS PARA INFRAVIVENDA RURAL. EXPTE. 10869/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da traballadora social, do 4.05.05, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, que di o seguinte:

*A Comisión Municipal de Goberno de data 25/11/02, adoptou o acordo de solicitar ó Instituto Galego de Vivenda e Solo unha serie de subvencións para infravivenda social entre as que se atopa a solicitude para execución de obras na vivenda sita en Camiño de Eixón, 12 a nome de Dª María Beatriz Rodríguez García.*

*Con data 26/12/02, a Intervención Xeral contabilizou unha autorización de crédito por importe de 6.558,19 € para facer fronte ó pago das obras, en base o presuposto aprobado pola oficina de rehabilitación municipal. O crédito consignado polo Concello sería completado, ata chegar o importe do presuposto aprobado, coa aportación do beneficiario das obras, en este caso por Dª Mª Beatriz Rodríguez García.*

*A Comisión de Goberno, con data 11 de agosto de 2003 aprobou a acta de recepción das obras de acondicionamento da vivenda sita no camiño de Eixón, núm 12 baixo da que é titular Dª Mª Beatriz Rodríguez García*

*Examinado ó expediente á vista das actuacións relacionadas, e tendo en conta obrigatoriedade de remitir o Instituto Galego de Vivenda e Solo , segundo se especifica no Decreto 343/1992 o amparo do cal se solicitou a axuda para obras de infravivenda, a certificación da total execución daquelas aprobada polo Concello, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“ Aproba-la certificación da execución total das obras de acondicionamento da vivenda sita no camiño de Eixón, núm 12 baixo da que é titular Dª Mª Beatriz Rodríguez García, por un importe total de 6.721,41 euros presentada pola empresa que executou ás obras, Construcciones Sito y Fernández S.L, e debidamente conformada pola oficina de rehabilitación do Concello de Vigo”*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(553).- CERTIFICACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA VIVENDA SITA NA ESTRADA VILAVERDE Nº 30-ZAMÁNS, REALIZADAS CON CARGO Á SUBVENCIONS PARA INFRAVIVENDA RURAL. EXPTE. 10871/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da traballadora social, do 4.05.05, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, que di o seguinte:

*A Comisión Municipal de Goberno de data 25/11/02, adoptou o acordo de solicitar ó Instituto Galego de Vivenda e Solo unha serie de subvencións para infravivenda social entre as que se atopa a solicitude para execución de obras na vivenda sita en Estrada Vilaverde, 30 Zamans, a nome de D<sup>a</sup> Lucía Alonso Vila.*

*Con data 26/12/02, a Intervención Xeral contabilizou unha autorización de crédito por importe de 18.284,48 € para facer fronte ó pago das obras, en base o presuposto aprobado pola oficina de rehabilitación municipal. O crédito consignado polo Concello sería completado, ata chegar o importe do presuposto aprobado, coa aportación do beneficiario das obras, en este caso por D<sup>a</sup> Lucía Alonso Vila.*

*A Comisión de Goberno, con data 8 de marzo de 2004 aprobou a acta de recepción das obras de acondicionamento da vivenda sita en Estrada Vilaverde, 30 - Zamans, da que é titular D<sup>a</sup> Lucía Alonso Vila.*

*Examinado ó expediente á vista das actuacións relacionadas, e tendo en conta obrigatoriedade de remitir o Instituto Galego de Vivenda e Solo , segundo se especifica no Decreto 343/1992 o amparo do cal se solicitou a axuda para obras de infravivenda, a certificación da total execución daquelas aprobada polo Concello, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“ Aproba-la certificación da execución total das obras de acondicionamento da vivenda sita en Estrada Vilaverde, 30 - Zamans, da que é titular D<sup>a</sup> Lucía Alonso Vila, por un importe total de 18.739,86 euros, presentada pola empresa que executou ás obras, Construcciones Sito y Fernández S.L, e debidamente conformada pola oficina de rehabilitación do Concello de Vigo”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **16(554).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, ALTA EXPTE: 13/26849, 13/30315.**

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informe das traballadoras sociais e de acordo cos informes proposta do xefe de Sector de Acción Social, do 21.04.04, conformados polo concelleiro de Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda concede la prestación do Servicio de axuda no fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup> Pilar Abreu Martínez. Expte. 13/26849.
- D<sup>a</sup> Elisa Vázquez Gil. Expte. 13/30315.

#### **17(555).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE CULTURA DURANTE O MES DE ABRIL DE 2004. EXPTE. 8279/331.**

En cumprimento coa base 31 das de execución do presuposto, o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, Ignacio López-Chaves Castro, da conta á Xunta Local de Goberno dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Cultura no mes de abril de 2004, e que son os seguintes:

DEPARTAMENTO: CULTURA    FUNCIONAL: 4510

CONCEPTO.- Subministro de materiais de ferretería con destino ó mantemento de dependencias culturais.					
Nº exped.	Data res.	Partida	Rc	Importe	Perceptor
8235/331	30/03/04	2120000	18435	7.852,86 euros	Ferretería Pombo (C.I.F.: A-36.644.011)

CONCEPTO.- Subministro de materiais de cristalería con destino ó mantemento de dependencias culturais.					
Nº exped.	Data res.	Partida	Rc	Importe	Perceptor
8236/331	30/03/04	2120000	18436	1212,73 euros	Alfredo Sánchez Puime (N.I.F.: 36.030.605-R)

CONCEPTO.- Subministro de materiais de madeira con destino ó mantemento de dependencias culturais.					
Nº exped.	Data res.	Partida	Rc	Importe	Perceptor
8237/331	30/03/04	2120000	18428	1.450,05 euros	Maderas del Noroeste de España S.L. (C.I.F.: B-36.616.548)

CONCEPTO.- Subministro de materiais de pintura con destino ó mantemento de dependencias culturais.					
Nº exped.	Data res.	Partida	Rc	Importe	Perceptor
8238/331	30/03/04	2120000	18427	1.258,98 euros	Industrias Proa (C.I.F.: A-36.603.967)

CONCEPTO.- Difusión do espectáculo “Eva Yerbabuena” en colaboración coa Cadena Cope.					
Nº exped.	Data res.	Partida	Rc	Importe	Perceptor
8277/331	27/04/04	2260200	21192	2.847,80 euros	Gráficas Planeta S.L. (C.I.F.: B-36.263.598)

CONCEPTO.- Subministro de trípticos para a Semana Santa da Parroquia do Divino Salvador de Teis.					
Nº exped.	Data res.	Partida	Rc	Importe	Perceptor
8242/331	01/04/04	2260200	19075	696 euros	Celso Comesaña Abalde (N.I.F.: 36.072.980-X)



CONCEPTO.- Subministro de materiais de electricidade con destino ó mantemento de dependencias culturais.					
Nº exped.	Data res.	Partida	Rc	Importe	Perceptor
8239/331	30/03/04	2120000	18418	1.144,88 euros	Distelga S.L. (C.I.F.: B-36.722.130)

CONCEPTO.- Subministro de papel secamáns con destino ó mantemento de dependencias culturais.					
Nº exped.	Data res.	Partida	Rc	Importe	Perceptor
8240/331	31/03/04	2210800	18632	2.875,18 euros	Daysa Chapela S.L. (C.I.F.: B-36.290.617)

A Xunta de Goberno queda enterada.

**18(556).-PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A CONCELLARÍA DE CULTURA DO CONCELLO DE VIGO E O REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DA “VII EDICIÓN DO CONCURSO DE PIANO PARA XÓVENES INTÉRPRETES”. EXPTE. 8276/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26.04.04 e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Cultura, do 23.04.04, conformado polo xefe de dito Servizo, o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Aprobar o texto do proxecto de convenio entre a Concellería de Cultura do Concello de Vigo e o Real Club Náutico de Vigo para a organización da “VII Edición do Concurso de Piano para Xóvenes Intérpretes” os días 27 e 28 de novembro de 2004.

2º.- Autorizar un gasto de 7.000 € (sete mil euros) para a organización da “VII Edición do Concurso de Piano para Xóvenes Intérpretes” a favor do Real Club Náutico de Vigo CIF.:G-36612752 con cargo á partida 4510.489.00.00 “Transferencia a empresas sen ánimo de lucro” do presuposto municipal prorrogado ano 2004.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CLUB NÁUTICO DE VIGO PARA A “VII EDICIÓN DO CONCURSO DE PIANO PARA XÓVENES INTÉRPRETES”.*

En Vigo, a                      de dous mil catro.

REUNIDOS

*Dunha parte, D. Ignacio López-Chaves Castro na súa calidade de Concelleiro-Delegado da Área de Asuntos Sociais, en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, e con enderezo na praza do Rei s/nº, no sucesivo O CONCELLO.*

*Doutra parte, D. Manuel Frade Castro na súa calidade de Presidente do Real Club Náutico de Vigo y en representación do Real Club Náutico de Vigo, CIF G-36612752, e con enderezo nas Avenidas, s/n 36201 Vigo.*

#### MANIFESTAN

*A Concellería de Cultura do Concello de Vigo pretende o potenciamento da actividade cultural da cidade, para o que ven desenvolvendo diversos programas que contribuen á análise do fenómeno cultural, nas súas máis diversas manifestacións.*

*O Real Club Nautico de Vigo propon a organización do “VII Edición do Concurso de Piano para Xóvenes Interpretes” e que terá lugar no salón social do Club Náutico de Vigo e desenvolverase en 2 fases: fase eliminatoria o día 27 de novembro de 2004 e fase final que terá lugar o día 28 de novembro de 2004.*

*O motivo da organización deste evento, e estimula-la afición dos xóvenes estudantes de piano e premiar os seus esforzos para acadar o máis alto nivel nas súas interpretacións. Este concurso iniciou a súa andura no ano 1998 e vense celebrando de xeito continuado dende entón.*

*Poderán participar neste Concurso os alumnos que cursen, ou teñan cursado, estudos de pianos nos Centros que figuren inscritos nos rexistros da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (Conservatorios de Música, Centros Autorizados de Ensino Musical, Escolas de Música Públicas, Escolas de Música Privadas).*

*Co obxecto de potencia-lo evento o Club Náutico de Vigo propón incrementar-las cuantías dos premios; outorgar dos accesos en cada unha das tres convocatorias e aumentar a cantidade destinada a publicidade co fin de darlle unha maior difusión o concurso e lograr unha maior participación de concursantes e máxima asistencia de público.*

*O Club Nautico de Vigo é unha organización sen ánimo de lucro que pretende potenciar a través da organización deste concurso os valores da música en tódolos seus ámbitos, e está disposto a colaborar co Concello de Vigo naquelas actividades relacionadas cos seus obxectivos.*

*Coa finalidade de facilitar a celebración da “VII Edición do Concurso de Piano para Xóvenes Intérpretes” as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración en concepto de subvención para o seu funcionamento.*

*D. Ignacio López-Chaves Castro, actúa na súa calidade de Concelleiro-Delegado, de acordo coa resolución da Alcaldía do 2 de xaneiro de 2004 sobre competencias delegadas e D. Manuel Frade Castro, en calidade de Presidente do Real Club Náutico según certificado do Secretario da entidade de data 21 de abril de 2004.*

*En consideración ó antes exposto, o CONCELLO e o REAL CLUB NAUTICO DE VIGO a súa relación mediante o presente convenio, composto polas seguintes*

#### CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O presente convenio suscríbese co obxecto de subvencionala ornaización da “VII Edición do Concurso de Piano para Xóvenes Interpretes” e que terá lugar no salón social do Club Náutico de Vigo os día 27 e 28 novembro de 2004.

SEGUNDA.- Presuposto e financiamento.

O presuposto xeral para gastos de organización do certamen obxecto do convenio ascende a 13.910 € para atender os seguintes conceptos, e que aparecen detallados no memorando adxunto:

- a) 6.000 € premios .
- b) 4.260 € xurados.
- c) 3.650 € publicidade.

O Concello de Vigo realizará unha aportación o Real Club Náutico de Vigo de 7.000 € con cargo á partida 4510.489.00.00 “Transferencia a empresas sen ánimo de lucro” do presuposto prorrogado municipal para o ano 2004.

TERCEIRA.- Datas e lugares.

A VII Edición do Concurso de Piano para Xóvenes Interpretes terá lugar no salón social do Real club Náutico de Vigo os días 27 de novembro (fase eliminatoria) e día 28 de novembro de 2004 (fase final).

CUARTA.- Mecanismo de asistencia técnica. Obrigas do Real Club Náutico de Vigo.

O Real club Nautico de Vigo asume as seguinte obrigas:

1.- Cumprilo programa obxecto deste convenio; comunicando, con antelación, á Concellería da Área de Asuntos Sociais os cambios que se poideran producir, así como as incidencias durante o desenvolvemento do concurso.

2.- Asumi-la organización do “VII edición do Concurso de piano para xóvenes interpretes” en particular os seguintes aspectos:

- Selección dos participantes no concurso, organización das probas eliminatorias e final.
- Seleccionar e atención o xurado.
- Atención ós concursantes.
- Atención ó público asistente.
- Convocalo premio Concello de Vigo
- Difusión e comunicación sobre o concurso: edición e distribución de folletos, carteis, dossiers, diplomas, rotulacións; etc. Información ós medios de comunicación en coordinación coa concellería de Asuntos Sociais.
- Incluí-lo logotipo do departamento Cultura en tódalas publicacións e material de difusión do concurso.
- Procura-lo financiamento complementario do custo do concurso.
- Asumilos gastos derivados dos parágrafos anteriores.

3.- Resolver con carácter xeral calquera detalle organizativo que non estea expresamente asumido polo Concello de Vigo.

4.- Presentar no Concello de Vigo unha memoria-avaliación do programa obxecto deste convenio, dentro dos 30 días seguintes á súa finalización. Como mínimo, a memoria incluirá os datos de participación, os detalles do desenvolvemento das actividades, a memoria de prensa e medios de comunicación, un rexistro fotográfico ou audiovisual, o balance económico con detalle de gastos e ingresos.

5.- Asumir tódolos gastos e pagamentos relativos á totalidade do desenvolvemento do programa e organización do concurso.

6.- Incorporalos anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima.

QUINTA.- Mecanismos de asistencia técnica. Obrigas do Concello de Vigo-Concellería da Área de Asuntos Sociais.

1. Realízalo seguimento do desenvolvemento do programa do concurso.
2. Xestionalo pagamento do importe do convenio, tralo cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- Mecanismos de coordinación ou actuación conxunta. Unidade xestora.

O seguimento da execución do convenio realizarase pola unidade de Cultura adscrita á concellería-delegada da Área de Asuntos Sociais.

SÉTIMA.- Difusión.

A produción de material gráfico relacionado coas actividades do programa serán asumidas integramente polo Real Club Nautico de Vigo. O deseño gráfico exterior deberá ser enviado previamente ó departamento de Cultura.

O anagrama-logotipo do Concello de Vigo-Concellería da Área de Asuntos Sociais (Cultura) figurará debidamente nas publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do CONCELLO, a prelación en orde de tamaño será proporcional á contía aportada por cada unha delas.

OITAVA.- Forma de pagamento da subvención.

O CONCELLO aboará o Real Club Nautico de Vigo o importe da subvención a través de transferencia bancaria á conta 2080-0000-73-0040233285 da que é titular o Real club Nautico.

Para o trámite dos pagamentos o Real Club Nautico de Vigo terá que achegala seguinte documentación: unha solicitude de pagamento, a través do Rexistro Xeral do Concello, memoria avaliación da organización e desenvolvemento do certame acompañado das facturas orixinais correspondentes á contía da que se solicita pagamento. O pagamento terán que contar cos informes favorables de técnicos da unidade de seguimento do convenio e do concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais.

A memoria avaliación aportará os seguintes datos:

- a) participantes no concurso,
- b) memoria de prensa,
- c) detalle do balance económico das actividades e funcionamento: gastos.- facturas orixinais polo importe subvencionado.

As facturas aportadas polo Real Club Náutico terán que reunilos requisitos e condicións esixidas polo art. 3 do RD 2402/1985 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

NOVENA.- Incumprimentos.

O incumprimento de obrigas estipuladas neste convenio para a entidade colaboradora significará a cancelación do pagamento pendente, mesmo o reintegro do abonos que xa foran realizados polo CONCELLO.

O incumprimento das obrigas estipuladas neste convenio poderá significar a súa cancelación. Previamente as partes comunicaranse esa intención, cunha antelación de 15 días, cos detalles do posible incumprimento para tratar de solucionarlas diferencias.

DÉCIMA.- Vixencia, prorrogabilidade e mecanismos de denuncia.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2004.

Este convenio non é prorrogable.

Calquera das dúas partes asinantes poderá denunciado convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Resolución de controversias.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais queda facultado para adoptar as medidas que contribúan o cumprimento e desenvolvemento.

*En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.*

**19(557).- AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NO XXII PREMIO DE NOVELA LONGA EN LINGUA GALEGA “EDUARDO BLANCO AMOR” ORGANIZADO POLO CONCELLO DO GROVE. EXPTE. 8271/331.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do departamento de Cultura, do 22.04.04, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, que di o seguinte:

*O Concello de Vigo ven participando dende a súa creación no premio de novela “EDUARDO BLANCO AMOR”, xunto con sesenta concellos máis de toda Galicia, na súa celebración.*

*Este ano celebrouse a XXII edición, correspondéndolle a súa organización ó Concello do Grove, por acordo na derradeira reunión celebrada polos representantes dos concellos copatrocinadores, e manténdose a cota de participación en 360,61 €.*

*Polo exposto, e previo informe da existencia de crédito suficiente, faise á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a seguinte*

**PROPOSTA:**

*Primeiro.- Aproba-lo gasto de 360,61 € (TRESCENTOS SESENTA EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS) con cargo á partida 4510.462.00.00 "Premio Eduardo Blanco Amor" do vixente presuposto municipal prorrogado, a favor do Concello do Grove, C.I.F.: P-3602200-B, organizador da XXII Edición do Premio de Novela “Eduardo Blanco Amor”, en concepto de participación do Concello de Vigo na organización de dito premio.*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

**20(558).- SOLICITUDE DO CLUB AUTOMODELISMO VIGUÉS DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO DE TRES PROBAS DE AUTOMODELISMO DE RANGO**

**NACIONAL NO CIRCUITO DE AUTOMODELISMO DE SAMIL. ESTIMADA. EXPTE. 4438/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude do Club de Automodelismo Vigués e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD; do 23.05.04, conformado pola concelleira delegada de Deportes, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar ó Club Automodelismo Vigués a celebrar tres probas de automodelismo de rango nacional correspondentes á escalas 1/10, 1/8 e Gran Escala, os vindeiros días 22 e 23 de maio, 3, 4, 17, e 18 de xullo de 2004, que se desenvolverá no circuíto de automodelismo de Samil no horario seguinte:

- Sábados, 22 de maio, 3 e 17 de xullo de 9:00 h. a 19:00 h.
- Domingos, 23 de maio, 4 e 18 de xullo de 9:00 h. a 15:00 h.

**21(559).-SOLICITUDE DO ANPA DO CEIP BALAIÓDOS DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO CROSS ESCOLAR BALAIÓDOS NO PARQUE DE CASTRELOS O DÍA 6.06.04. ESTIMADA. EXPTE. 4441/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude do ANPA do CEIP de Balaidos e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 27.04.04, conformado pola concelleira delegada de Deportes, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar ó ANPA do CEIP Balaídos a celebrar o vindeiro día 6 de xuño de 2004 o Cross Escolar Balaídos que se desenvolvera no Parque de Castrelos, entre ás 10.00 h e ás 13.30 h.

**22(560).-SOLICITUDE DO CLUB CICLISTA TRAVIESAS DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR A XI SUPER MARCHA CICLOTURISTA CLUB CICLISTA TRAVESAS O DÍA 6.06.04. ESTIMADA. EXPTE. 4442/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude do Club Ciclista Traviesas de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 27.05.04, conformado pola concelleira delegada de Deportes, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar o club ciclista Traviesas a celebrar o vindeiro día 6 de xuño de 2004 a XI Super Marcha Cicloturista Club Ciclista Travesas polas estradas pertencentes o termo municipal de Vigo. Esta proba, con saída e chegada as instalacións deportivas municipais do IMD de Samil, está previsto que se desenvolva con percorrido polos concellos de Vigo, Nigrán, Baiona, Oia, A Guarda, Tui e Gondomar, entre ás 8:30 h. e ás 14:30 h.

**23(561).-SOLICITUDE DA AGRUPACIÓN DEPORTIVA CASTRO SAN MIGUEL DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR O X CROSS ESCOLAR AGRUPACIÓN DEPORTIVA CASTRO SAN MIGUEL O DÍA 30.05.04 NO PARQUE DE CASTRELOS. ESTIMADA. EXPTE. 4440/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude da Agrupación Deportiva Castro San Miguel e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD; do 23.05.04, conformado pola concelleira delegada de Deportes, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar o ANPA do CEIP Balaidos a celebrar o vindeiro día 6 de xuño de 2004 o Cross Escolar Balaidos que se desenvolvera no Parque de Castrelos, entre ás 10:00 e ás 13:30 h.

**24(562).-SOLICITUDE DO CLUB CICLISTA VIGUÉS DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR A V CARREIRA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA CATEGORÍAS ÉLITE E SUB 23, O DÍA 23.05.04 . ESTIMADA. EXPTE. 4439/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude do Club Ciclista Vigués e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD; do 2.02.04, conformado pola concelleira delegada de Deportes, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar ó Club Ciclista Vigués ten a celebrar o vindeiro día 23 de maio de 2004 a V Carreira Deputación de Pontevedra para ciclistas das categorías Élite e Sub 23, polas estradas que transcorren polo termo municipal de Vigo, con saída e chegada na rúa Aragón no cruce con Travesía de Vigo, entre ás 10:00 h. e ás 13:30 h.

**25(563).-PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS PARA A CELEBRACIÓN DA 40 EDICIÓN DO RALLYE RÍAS BAIXAS 2004. EXPTE. 4436/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21.04.04, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 15.04.04, conformado pola concelleira delegada de Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e a interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobación do texto do convenio para a celebración da 40 Edición do Rallye Rías Baixas, entre o Concello de Vigo e a Escudería Rías Baixas, que de seguido se transcribe.

2º.- Aproba-lo gasto de 30.050.61 Euros a favor da entidade; Escudería Rías Baixas CIF: G-36645398. Con enderezo en 1ª Travesía a Cordoeira, 19 baixo Vigo 36210. (c/c: 2080.0147 11 0040003914 con cargo á partida 4521.226.08.00 do vixente presuposto.

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS PARA A CELEBRACIÓN DA 40  
EDICIÓN DO RALLYE RÍAS BAIXAS.*

*No Concello de Vigo, a      de      do dous mil catro.*

*Dunha parte:      Dna. Corina Porro Martinez, Alcaldesa de Vigo.*

*E doutra:      D. Fernando Mouriño Sio, en nome e representación da Escudería Rías Baixas*

*Ámbalas dúas partes reconécese mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente Convenio.*

*EXPOÑEN :*

*Que en aras do interese deportivo que para a cidade de Vigo ten a realización do Rallye Rías Baixas, que con grande éxito vense celebrando dende hai 40 edicións, o Excmo. Concello de Vigo e a Escudería Rías Baixas conveñen a realización do mesmo durante os vindeiros días, 28 e,29 de maio do 2004, nos seguintes termos:*

*ESTIPULACIÓNS*

*PRIMEIRA,- O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:*

- 1.1.- Ceder os dereitos de organización do Rallye Rías Baixas á Escudería Rías Baixas para a celebración do mesmo os días 28 e 29 de maio do 2004.*
- 1.2.- A cesión das instalacións deportivas municipais necesarias durante as datas de celebración do Rallye Rías Baixas.*
- 1.3.- Aboar á Escudería Rías Baixas os gastos relacionados coa organización e celebración do Rallye Rías Baixas de 30.050,61 euros, con cargo á partida 4521.226.08.00 da Concellería de Deportes.*
  - 1.3.1.- A sinatura do presente convenio, aboarase o 50% (15.0250,30 euros) do importe total proposto, de cara a poder afrontar os primeiros gastos de organización por parte da Escudería Rías Baixas*
  - 1.3.2.- O resto do importe abonarase coa certificación e presentación de facturas orixinais ata completar a totalidade da cantidade prevista no presente convenio unha vez rematado o evento.*

*SEGUNDA.- a Escudería Rías Baixas, asume as seguintes obrigas:*

- 2.1.- Organizar o Rallye Rías Baixas, nas datas do 28 e 29 de maio do 2004.*



- 2.2 *Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil.*
- 2.3 *Tódolos medios de promoción e difusión, deberán empregar o Galego como Idioma oficial do Rallye Rías Baixas.*
- 2.4 *En tódala información e publicidade do evento figurará o logo da Concellería de Deportes. Así mesmo na instalación onde se celebre o evento figurará unha pancarta da Concellería de Deportes.*
- 2.5.- *A organización porá a disposición da Concellería de Deportes un mínimo de 1.000 invitacións para promocionar o evento entre os colexios da cidade.*

*TERCEIRA: O seguimento da execución do presente Convenio será realizado pola Concellería de Deportes do Excmo. Concello de Vigo, comprometéndose a Escudería Rías Baixas a xustificar debidamente ante as mesmas os gastos efectuados para a realización do referido Rallye Rías Baixas.*

*A Concellería de Deportes aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.*

*CUARTA: Así mesmo acordan que todos los ingresos derivados de: venda de entradas, así como calquera outro ingreso proveniente do referido Rallye Rías Baixas serán percibidos en beneficio da Escudería Rías Baixas para sufragar os gastos do Rallye e como compensación os servicios prestados o Excmo. Concello de Vigo, sen que teña nada que reclamar por ningún concepto.*

*QUINTA: A vixencia do presente convenio é para a realización da 40 edición do Rallye Rías Baixas 2004.*

*SEXTA: A Concelleira-Delegado da Area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local queda facultado para solucionar posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio.*

*Así o conveña no lugar e data no encabezamento expresados e asinan por duplicado e presente documento.*

**26(564).-PRÓRROGA DO CONTRATO DE ALUGER DO INMOBLE SITUADO NA ESTRADA DO VAO Nº 151, PERÍODO 15.05.04 – 15.05.05. EXPTE. 2288/077.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e emprego, do 3.05.04, que di o seguinte:

*Para o desenvolvemento de actividades de formación para o emprego no ámbito das profesións relacionadas coa construción naval (carpintería de ribeira e novas técnicas de construción naval) así como daquelas relacionadas coa promoción de actividades náuticas turístico-deportivas, o Concello de Vigo alugou o inmoible sito na Estrada do Vao nº 151, propiedade da Comunidade de Herederos de Adolfo Abraín Domingo.*

O contrato de aluguer (expte. 601/077) foi asinado o 13/11/00, con vixencia no período 15/11/00–15/05/02 e, segundo a súa cláusula Segunda, será “prorrogable por un máximo de cinco anos, sempre que as partes o acorden”. Complementariamente, a cláusula Terceira dí “De executarse as prórrogas, o importe da renda actualizariase anualmente co Índice de Prezos ó Consumo (IPC) que regulamentariamente se estableza” (achégase copia do contrato de arrendamento e da certificación do acordo da Comisión de Goberno municipal).

Deste xeito, no expediente 1237/077 recóllense as actuacións correspondentes á prórroga efectuada no período comprendido entre 16/05/02-15/05/03, e no 1658/077 as relativas á prórroga do período 16/05/03-15/05/04.

Unha vez manifestada pola propiedade a súa vontade de prorrogar un ano máis a relación co Concello de Vigo no referido ó aluguer do inmovible sito na Estrada do Vao nº 151 nas condicións indicadas no contrato de arrendamento (achégase copia do escrito remitido polo representante da propiedade nese sentido), e toda vez que esta infraestrutura permitirá continuar co desenvolvemento de accións de fomento do emprego e da actividade económica no ámbito das profesións relacionadas co mundo do mar (nomeadamente do actual proxecto Escola obradoiro “Mar de Vigo 2”), dende esta Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego enténdese que é necesario e posible prorrogar o citado contrato de arrendamento por un novo período dun ano.

Deste xeito, a prórroga do contrato tería vixencia de UN ANO (dende o 15/05/04 ata o 15/05/05) e o seu custo mensual, para o este período, unha vez actualizado o importe en base ó IPC establecido (achégase documentación da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Vigo na que se establece o incremento do IPC no período considerado nun 2,14 %), será de 2.263,52 €, IVE incluído.

Para o ano 2004 (do 15 de maio ao 31 de decembro, 7 meses e medio en total), o importe deste arrendamento será, pois, de 16.976,40 €, que serán aplicables á partida 3220 202 0000 “Aluguer de inmovibles”, do vixente presuposto.

En consecuencia, á vista do exposto e da demais documentación obrante no expediente de referencia, propónse á Xunta de Goberno Local aprobar o seguinte:...

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola concelleira de Promoción económica e desenvolvemento.

Consta no expediente informe de fiscalización favorable de data 5.05.04.

### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

Aprobar a prórroga do contrato de aluguer do inmovible situado na Estrada do Vao nº 151 desta cidade, do que é propietaria a "Comunidad de Herederos de Adolfo Abraín Domingo", con CIF G36746527, representada por D Adolfo S. Abraín de Castro, con NIF 00.704.989-Q. As condicións esenciais desta prórroga son as que seguen: A duración da prórroga do contrato será de un ano a partir do 15/05/2004, sendo o prezo do aluguer que deberá satisfacer o Concello de Vigo á propiedade de 2.263,52 euros/mes (IVE engadido).

**27(565).-ADXUDICACIÓN DE VEHÍCULOS DO DEPÓSITO DA AVDA. DE MADRID PARA CHATARRA. EXPTE. 69590/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Mobilidade e Seguridade, do 5.05.04, a Xunta de Goberno acorda:

Adxudicar a “AUTODESGUACES VIGO S.L.”, os vehículos incluídos na relación adxunta para chatarra e que se encontran no depósito da Avda. de Madrid, a razón de 8,12 pts/kg, debendo retiralos no prazo máximo de 10 días seguintes á notificación do acordo de adxudicación e previo pagamento da cantidade.

A pesaxe da chatarra farase no lugar indicado polo Concello de Vigo e o seu custe por conta do adxudicatario.

O adxudicatario terá que secciona-lo bastidor dos ciclomotores e motocicletas antes da retirada do depósito debendo garantir que tódolos vehículos enaxenados terán como destino a chatarra.

<u>Matrícula</u>	<u>Marca Modelo</u>
EXPEDIENTE : 4 / 2001	
PO-8918-O	RENAULT R-12 GTL FAM
EXPEDIENTE : 5 / 2001	
M-1546-EG	FORD FIESTA
PO-5513-T	RENAULT R-18 GTD
EXPEDIENTE : 6 / 2001	
PO-7671-AF	FIAT UNO 60 S
PO-7205-AJ	OPEL CORSA
EXPEDIENTE : 1 / 2003	
A-6603-DN	RENAULT MEGANE
BI-6909-BL	PEUGEOT 405
C-1668-AM	V.W. GOLF
M-6428-DS	RENAULT R-4
M-6545-HV	PEUGEOT 205 GL
OR-8866-J	IVECO 35 . 8
PO-0687-M	V.W. GOLF

PO-2041-S	SEAT RITMO
PO-7650-T	FORD ESCORT
PO-2044-V	FIAT DUCATO
PO-4208-V	CITROEN C-15
PO-4652-W	FORD ESCORT
PO-4979-W	V.W. POLO CLASSIC
PO-3752-AB	RENAULT R-21
PO-0053-AC	NISSAN VANETTE
PO-2359-AC	V.W. POLO
PO-5702-AF	V. W. POLO
PO-7512-AF	FIAT CROMA
PO-7193-AM	YAMAHA TZR
PO-7956-AP	FIAT TALENTO
PO-5558-AS	RENAULT EXPRESS
PO-7537-BD	MERCEDES BENZ 280

Matrícula

Marca Modelo

EXPEDIENTE : 7 / 2003

PO-0894-AW	YAMAHA 4 CX
------------	-------------

EXPEDIENTE : 1 / 2004

016902	PEUGEOT DESIGN
BICICLETA	MOUNTAINBIKE BLANCA
B-6036-HT	FORD ORION 1.4
C-5413-BDY	SUZUKI AP 50
C-8942-BFG	PEUGEOT ELYSEO 50
C-2917-BFY	YAMAHA YA 50 S
C-5119-BGK	PIAGGIO TYPHOON 50
C-0826-BJS	PIAGGIO ZIP BASE
C-0165-BMH	PIAGGIO ZIP BASE
O-3005-AU	RENAULT R-19 TSE
PM-0360-AU	FORD ORION
PM-3661-AY	OPEL KADETT
PO-0405-V	SEAT TRANS
PO-6296-Z	FORD ESCORT 1.6
PO-2738-AD	FORD ESCORT
PO-5653-AH	VESPA TX 200
PO-2144-AK	OPEL KADETT
PO-5562-AK	FORD FIESTA 1.4
PO-3471-AM	FORD ESCORT 1.6
PO-5116-AT	RENAULT R CLIO
PO-8531-AY	HONDA NS 1
PO-6461-AZ	SEAT CORDOBA 1.4

PO-5238-BL

SAAB 9000 TURBO

EXPEDIENTE : 3 / 2004

PO-1878-T

MERCEDES BENZ

EXPEDIENTE : 5 / 2004

C-4249-BCV

PIAGGIO C 11

C-3342-BDR

APRILIA SR 50

C-5969-BKJ

PIAGGIO ZIP BASE

M-9893-LS

FIAT UNO

PO-3735-AL

PEUGEOT 205 1.1

Matrícula

Marca Modelo

EXPEDIENTE : 6 / 2004

-8033-BCN

MERCEDES DAINLER

PO-6583-AX

ALFA ROMEO 1555

TOTAL VEHÍCULOS: 59

### **28(566).- RECLAMACIÓN DE DANOS:**

A) AMELIA ALVAREZ POUSA. ESTIMADO RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POLA MESMA.EXPTE. 14120/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 28.04.04, que di o seguinte:

*Con data 14 de maio de 2003, o Ilmo. Sr. Alcalde acordou inadmitir a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por Dna. AMELIA ÁLVAREZ POUSA o día 18 de abril de 2001 (reclamación de danos que iniciou o expediente 14120/240), acordo que foi notificado á reclamante o día 09 de xuño de 2003. A causa da inadmisión da súa petición foi a non presentación de documentación esixida á reclamante para a tramitación do expediente.*

*O día 17 de xuño de 2003, e dentro do prazo legalmente establecido, a reclamante formula Recurso de Reposición contra o acordo de 14 de maio do 2003, manifestando que a documentación requirida xa fora achegada*

ó expediente, achegando copia compulsada do escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello con data 03 de decembro de 2001, no que daba cumprimento ó trámite requerido.

*Examinada a documentación achegada e verificada a veracidade das alegacións, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:*

*“1º. Estima-lo Recurso de Reposición formulado por Dna. Amelia Álvarez Pousa con data 17 de xuño de 2003, deixando sen efecto o Acordo adoptado pola Alcaldía do Concello de Vigo, con data 14 de maio de 2003, notificado o día 09 de xuño de 2003, polo que se declaraba o desestimento da súa petición, procedendo ó arquivo da mesma.*

*2º. Retrotraer as actuacións ó momento anterior a proposta de resolución do expediente, continuando a tramitación do mesmo”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

#### B) M<sup>a</sup> GLORIA RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. ESTIMADA. EXPTE. 15207/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do técnico de xestión do Servizo de Patrimonio, do 30.09.03, en relación coa reclamación de D<sup>a</sup>. María Gloria Rodríguez Fernández por lesións físicas e danos nas pezas de roupa e lentes que sufriu ó tropezar nun lastro levantado da beirarrúa o día 2.06.02, visto o ditame desfavorable do Consello Consultivo de Galicia do 12.11.03, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 24.03.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

Estima-la reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dona MARÍA GLORIA RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, procedendo a indemnizar á reclamante na contía de 319,12 euros, polos gastos realizados para a reposición das lentes e o pantalón que foron danados na caída, e que foron debidamente acreditados pola reclamante, de acordo co Dictame do Consello Consultivo de Galicia.

#### C) JAIME F. J. MARTÍNEZ ALONSO. ESTIMADA. EXPTE. 15891/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do técnico de xestión do Servizo de Patrimonio, do 24.09.03, en relación coa reclamación de D. Jaime F. J. Martínez Alonso por danos ocasionados no seu pantalón como consecuencia de saltarlle auga con lixivia ó pisar unha lousa solta na rúa Urzáiz nº 55 o día 11.03.03; visto o ditame desfavorable do Consello Consultivo de Galicia do 20.11.03, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 28.04.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

Estima-la reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. JAIME FRANCISCO JOSÉ MARTÍNEZ ALONSO, procedendo indemnizar na cantidade de 18 euros, correspondente á metade

da cantidade reclamada, polos gastos realizados para a reposición do pantalón dando, e que foron debidamente acreditados polo reclamante, de acordo co dictame do Consello Consultivo de Galicia.

**D) VANESA RODRÍGUEZ CARIDE. DESESTIMADA. EXPTE. 14303/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 16.02.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación de D<sup>a</sup> Vanesa Rodríguez Caride por danos ocasionados ó seu ciclomotor ó chocar contra uns valos existentes na avda. de Fragoso; visto o ditame favorable do Consello Consultivo de Galicia do 15.04.04, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 21.04.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno, acorda:

Desestima-la reclamación de Dna. Vanesa Rodríguez Caride por non corresponder ó Concello a responsabilidade patrimonial dos posibles danos.

**29(567).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA CESPA POR IMPORTE DE 457,34 € POLA RECOLLIDA E TRASLADO DE RESTOS VEXETAIS DO XARDÍN HISTÓRICO DE CASTRELOS NO MES DE DECEMBRO DE 2003. EXPTE. 2040/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o infome do interventor xeral accidental, do 29.04.04, e de acordo co informe-proposta do xefe de Patrimonio Histórico, do 6.04.04, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- A indemnización substitutiva por importe de 457,34 euros a favor da empresa “CESPA” (CIF A-28441079) pola recollida e traslado de contedores con restos vexetais dos xardíns do Pazo de Castrelos correspondente ó mes de decembro de 2003, conforme á súa factura nº 03VG00191, do 31/12/2003, presentada no Rexistro Xeral na data do 02/01/2004 (nº doc. 40000090).

2º.- Imputalo á partida 4531.2100000 REPARACIÓNS E MANTEMENTO XARDÍN HISTÓRICO dos orzamento do 2004.

3º.- A imputación do gasto ós orzamentos vixentes non provoca prexuízo nin limitación ningunha para a realización de tódalas atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.

**30(568).-RECTIFICACIÓN DE ERROS DA PARCELA Nº 12 DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA U.E. IV-12 RAMÓN NIETO Nº 6. EXPTE. 4166/401.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia de Urbanismo, do 22.04.04, que di o seguinte:

Á vista do expediente relacionado no asunto, resultan relevantes os seguintes

**ANTECEDENTES:**

- 1) Con data de 30 de xuño de 2.000 o Alcalde- Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o proxecto de compensación da U.E. IV-12 Ramón Nieto 6.
- 2) O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión ordinaria de 11 de xaneiro de 2.001 acordou aprobar definitivamente as rectificacións ó proxecto de compensación da U.E. IV-12 Ramón Nieto, 6, solicitadas pola Xunta de Compensación deste polígono, en escritos de 30 de xuño e 25 de outubro de 2000 e, xa que logo, aprobar o texto refundido achegado polo presidente da xunta de Compensación do polígono con data de 19 de decembro de 2000, que incorpora as devanditas rectificacións.
- 3) Con rexistro de entrada de data de 13 de maio de 2.003 e número de documento 30034976, dona María Dolores e don Alfonso Martínez Fernández, en representación dos seus pais, don Alfonso Martínez Docampo e dona María-Dolores Fernández Vázquez, adxudicatarios da finca nº 12, manifestan discrepancias entre os valores adxudicados e as dimensións da parcela, e e que non se fixa o acceso ó garaxe polo exterior do sólido.
- 4) Con data de 31 de xullo de 2.003 o Arquitecto Técnico da Xerencia Municipal de Urbanismo emitiu informe.
- 5) Con rexistro de entrada de data de 31 de marzo de 2004 e número 40032631, don ENRIQUE RAMÍREZ PIÑEIRO, presidente da Xunta de Compensación, e don ALFONSO MARTÍNEZ DOCAMPO, como vocal da Xunta de Compensación e como adxudicatario (en réxime de gananciais coa súa esposa dona DOLORES FERNÁNDEZ VÁZQUEZ) manifestan a existencia de erros materiais na ficha da finca número 12, achegando a nova ficha coas correccións practicadas e solicitando que se acepten as rectificacións.
- 6) Con data de 12 de abril de 2004, o Arquitecto Técnico da Xerencia Municipal de Urbanismo informa que: " Á vista do contido do escrito presentado, DOC nº 40032631, e consultada a documentación do proxecto de compensación da UE IV-12 Ramón Nieto 6, expediente 4166/401, o técnico que subscribe informa:

O proxecto de compensación da UE, dispón de aprobación definitiva de data 30 de xuño de 2000. Con posterioridade, en concreto o 28 de setembro de 2000, a xunta de compensación solicitou unha modificación e aclaración á aprobación definitiva. A resultas da nova documentación, aprobouse un texto refundido con data 11 de xaneiro de 2001.

Con data 13 de maio de 2003, foi presentado un escrito por D.<sup>a</sup> María Dolores e D. Alfonso Martínez Fernández como adxudicatarios da finca nº 12 no que se mencionaban discrepancias entre os valores adxudicados e as medicións da finca adxudicada. Con data 31 de xullo de 2003, a oficina técnica de planeamento emitiu informe ó respecto no senso seguinte: "Con respecto á finca resultante nº 12, obxecto da modificación puntual presentada, figura no proxecto de compensación aprobado adxudicada a nome de D. Alfonso Martínez Docampo e esposa D.<sup>a</sup> Dolores Fernández Vázquez, cunha superficie de parcela de 602,00 m<sup>2</sup>, unha edificabilidade sobre rasante de 784,00 m<sup>2</sup> construídos nun sólido de planta baixa, tres plantas e aproveitamento baixo cuberta e unha ocupación baixo rasante de 321,00 m<sup>2</sup>. Examinada a documentación gráfica correspondente, en concreto os planos relativos ás fincas resultantes, aproveitamento baixo rasante, cesión de zonas verdes e escolar e cesións para viais, pódese comprobar discrepancias entre eles nas medidas e xeometría na parcela nº 12. No plano nº 3 de fincas resultantes, a medición da parcela resulta ser duns 540,00 m<sup>2</sup>, inferior á parcela adxudicada de 602,00 m<sup>2</sup>. No plano nº 4 de



*aproveitamento baixo rasante, a superficie da parcela resulta ser duns 602,00 m2, similar á que figura adxudicada no proxecto de compensación e a ocupación baixo rasante dispón dunha superficie duns 267,00 m2, inferior ós 321,00 m2 que figura no proxecto de compensación. No plano nº 5 de cesións de zonas verdes e escolar, a parcela nº 12 coincide en medicións coa do plano nº 4. No plano nº 6 de cesións para viais, a parcela nº 12 coincide en medicións coa do plano nº 3, etc”.*

*O citado informe foi remitido á Xunta de Compensación da U.E., que como contestación á mesma presenta documentación reformada axustada ás medicións reais da parcela. Esta nova documentación non altera as previsións de cesións de zonas verdes, viais e equipamentos e edificabilidades da U.E., xa que soamente trata de corrixir erros na descrición da parcela adxudicada nº 12.*

*Á vista do exposto, e a xuízo do técnico que subscribe, deberá informar ó respecto o técnico da admón xeral”.*

*A estes antecedentes sonlle de aplicación os seguintes*

#### **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

*I.- Segundo o informe do Arquitecto Técnico Municipal a corrección solicitada "esta nova documentación non altera as previsións de cesións de zonas verdes, viais e equipamentos e edificabilidades da U.E., xa que soamente trata de corrixir erros na descrición da parcela adxudicada nº 12", polo que resulta de aplicación o artigo 105 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que no seu apartado 2 dispón que "as Administracións públicas poderán, asemade, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".*

*II.- En canto á competencia, correspóndelle á Xunta de Goberno Local en virtude do artigo 127.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada por Lei 57/2003, de 16 de decembro, de aplicación por canto o principio de unidade de procedemento non afecta á competencia que corresponde a aquel órgano ó que lla atribúa a normativa vixente.*

*En virtude do exposto, propónse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo que eleve á Xunta de Goberno local a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO...”*

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno, o de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

**Primeiro.**- Rectificar os erros de descrición da parcela nº 12 do proxecto de compensación da U.E. IV-12 RAMÓN NIETO, 6, do que foi aprobado definitivamente o seu texto refundido en data de 11/01/2001 polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo. De xeito que a parcela nº 12 queda descrita, segundo a ficha achegada como:

"Finca núm. 12 dunha superficie de 542,14 m2, atribúeselle unha edificabilidade sobre rasante de 784 m2 que consta de baixo, tres plantas, máis baixo cuberta, máis o aproveitamento baixo rasante.

Límites:

- Norte, con vial de sistema local resultante do proxecto de compensación.
- Sur, con Colexio Losada.
- Este, con zona de cesión escolar resultante do proxecto de compensación.
- Oeste, co resto da propiedade de D. José Martínez Molares.

Adxudicación: Adxudícase en pleno dominio a D. Alfonso Martínez Docampo e esposa Dna. Dolores Fernández Vázquez, casados en réxime de gananciais.

Superficie da parcela resultante: Ten unha superficie de 542'14 m<sup>2</sup>.

Superficie edificable: Segundo o Estudio de Detalle, correspóndelle unha edificabilidade de 784 m<sup>2</sup>, máis o aproveitamento baixo rasante pertencente a este mesmo sólido, resultante do proxecto de compensación.

Aproveitamento baixo rasante do sólido núm. 12: consta dunha soa rampla de acceso e de saída de 3,5 m situada na parte Este con entrada pola parte norte. Ten unha superficie en planta de 233,12 m<sup>2</sup>. Segundo o Plan Xeral de Ordenación de Vigo, os aproveitamentos baixo rasante non computan para a edificabilidade.

Atópase libre de cargas e gravames, agás a correspondente ó pago do saldo da conta de liquidación dos gastos de urbanización segundo a cota de participación no Proxecto de Compensación.

Conta de liquidación provisional da finca descrita: 2.775.314 ptas. (16.679,97 €).

Deste xeito a parcela antes descrita queda afecta, con carácter real, al pago del saldo da cota de liquidación definitiva do 3,28 %, segundo o disposto no art. 126 e seguintes do Regulamento de Xestión Urbanística."

Segundo.- Notificar o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpor alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente.

**31(569).- CESIÓN DE TERREOS PARA ENSANCHE E MELLORA DA RÚA MOLEDO E A SÚA CONFLUENCIA COA RÚA LAMEIRO. EXPTE. 38896/250.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 26.04.04, que di o seguinte:

*En data do 10 de setembro de 2003, D<sup>a</sup>. Esperanza Costas Vidal presentou escrito no Rexistro Xeral do Concello de Vigo no que pon en coñecemento desta Administración municipal o seu propósito de ceder ó Excmo. Concello de Vigo, a superficie da parcela da súa propiedade afectada polo ensanche da rúa Moledo, sempre que se recoñeza a superficie cedida a tódolos efectos urbanísticos*

*D<sup>a</sup>. Esperanza Costas Vidal afirma ser propietaria dunha parcela de 694 m<sup>2</sup> aproximadamente, con fronte á rúa Moledo, que se describe como segue:*

*“Terreno, a labradío y viña, nombrado Gandariña, en la parroquia de Sárdoma, municipio de Vigo, de la superficie de unos seiscientos noventa y cuatro metros cuadrados, o 152 varas. Limita: Norte bienes de herederos de Generoso Fernández, Sur, de herederos de Amador Montenegro, Este, de los herederos de Generoso Fernández, y, Oeste, camino vecinal.”*

*O técnico adscrito ó departamento municipal de Cartografía, con data do 22 de marzo de 2004, informa que a superficie dos terreos de cesión é de 26,00 m<sup>2</sup>.*

*Os terrenos que se ceden forman parte dunha parcela incluída no núcleo 16.10 Moledo A, calificada como solo urbano, regulada pola ordenanza 1.3.B de vivenda familiar illada de media densidade.*

*A este respecto procede informar que as normas urbanísticas do vixente PXOU de Vigo establecen, no apartado 3.2.2., que nas cesións obligatorias dos terrenos afectados pola aliñación da rúa á que a parcela dea fronte --supostos de solicitude de obra nova e de rehabilitación integral--, recoñecerase ó propietario a edificabilidade e densidade correspondente á parcela inicial, e que, así mesmo, está considerarse a efectos de parcela mínima. Xa que logo, procede considerar que a cesión anticipada dos referidos 26,00 m<sup>2</sup> de superficie de terreo debe xerar a favor do propietario cedente os mesmos dereitos que os que provoca a cesión determinada pola concesión dunha licenza de obra nova ou rehabilitación integral.*

*Igualmente, e polas mesmas razóns --cesión anticipada e non obrigada de terreos para viais--, procedería recoñecer tales dereitos ó cedente para o caso de que a execución do plan xeral esixese a delimitación dun polígono ou unidade reparcelable.*

*Polo exposto, e de acordo co artigo 127.d) da LRBRL, trala modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O...”*

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe, acorda:

Primeiro.- Acepta-la cesión gratuita ó Concello de Vigo, por parte de D<sup>a</sup>. Esperanza Costas Vidal da porción de parcela de 26,00 m<sup>2</sup> de superficie, que se identifica no expediente, a segregarse da finca da súa propiedade, con destino ó ensanche da rúa Lameiro.

Segundo.- Esta cesión deberá elevarse a escritura pública ou documento administrativo auténtico e enténdese sen prexuízo doutras cesións que, con ocasión dunha eventual solicitude de licenzas de obra nova ou rehabilitación integral, poidan esixirse por esta Administración municipal de conformidade coas aliñacións que ó efecto se fixen.

Terceiro.- Ter por recoñecido ó cedente na parcela matriz, efectuada que sexa a cesión no correspondente documento público, a edificabilidade e densidade correspondente á superficie cedida, así como considerar esta superficie cedida a efectos de parcela mínima, en relación coa mesma parcela matriz.

**32(570).-SOLICITUDE DE REVISIÓN DE OFICIO DO ESTUDIO DE DETALLE APROBADO, A SÚA POSTERIOR MODIFICACIÓN E AS LICENZAS CONCEDIDAS EN RELACIÓN Á U.A. V-02 VISTA ALEGRE. EXPTE. 8995/411.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 26.04.04, que di o seguinte:

*ANTECEDENTES*

1º.- *Con data 13 de novembro de 1986, o alcalde-presidente do Concello de Vigo, dunha parte, e D. Fernando Casuso Silva e D. José Luis Rodríguez Paz Andrade, de outra, actuando o primeiro no seu propio nome e en representación de "Setenta de García Barbón, S.A." e outros, e o segundo en nome de Dª. Mª del Pilar Rodríguez Prada, subscribiron en relación co predio denominado Vimieiros, lindante coas rúas Ourense, Menéndez Pelayo e López Mora, as parcelas sinaladas cos números 72, 74 e 76 da Avda. García Barbón e as incluídas na unidade de execución V-02 Vista Alegre do PXOU de Vigo, un convenio urbanístico polo cal se recoñecían ás devanditas parcelas determinadas edificabilidades con asignación de usos pormenorizados ós que se deberían destinar tales edificabilidades.*

2º.- *O convenio foi ratificado polo Concello-Pleno en sesión de 27 de febreiro de 1989 e incorporadas as súas determinacións ó vixente Plan xeral de ordenación urbana de Vigo, que, no que aquí interesa, procedeu á delimitación da unidade de execución UE V-02 Vista Alegre e da área remitida a estudio de detalle I-07 Ourense, ámbitos coincidentes coas parcelas deslindadas como primeira e última do referido convenio.*

3º.- *O estudio de detalle da área I-07 Ourense contaba con aprobación definitiva de 5 de xullo de 1.990 e foi modificado por acordo plenario de 5 de xullo de 1996. O correspondente á UE V-02 Vista Alegre, foi, tamén, aprobado definitivamente con data 5 de xullo de 1996 e modificado por acordo plenario de 13 de decembro de 1997.*

4º.- *En sesión de 8 de febreiro de 1996, o Concello-Pleno aprobou definitivamente a modificación da UE V-02 Vista Alegre e a delimitación dunha unidade de execución de ámbito discontinuo denominada UE V-02 Vista Alegre/I-07 Ourense, comprensiva, tamén, da denominada parcela Vimieiros, sita na rúa Ourense. O proxecto de compensación da devandita unidade de execución discontinua foi aprobado definitivamente por acordo plenario de 12 de setembro de 1996.*

5º.- En base ós devanditos instrumentos de ordenación e xestión urbanística o presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, con data 23 de decembro de 1998, resolveu autorizar á entidade "Valderio Inmobiliaria, S.L." para a construción, no ámbito da UE V-02 Vista Alegre, co número 20 de orde da rúa Julia Minguillón, dunha edificación composta de soto a garaxe e trasteiros e dúas torres compostas, cada unha, de planta baixa, quince plantas máis e aproveitamento baixo cuberta.

6º.- Por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 10 de maio de 2001 concedeuse licenza para a primeira ocupación das ditas edificacións.

7º.- A medio de escrito de 6 de novembro de 2003, D. Eduardo Canabal Sanz solicitou desta Administración municipal a declaración de oficio da nulidade de pleno dereito dos devanditos acordos plenarios de 5 de xullo de 1996 e 13 de decembro de 1997 e do presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de 23 de decembro de 1998 e do Consello da Xerencia de 10 de maio de 2001, fundada na falta de vixencia e nulidade do planeamento superior.

8º.- Os motivos de impugnación aducidos son, resumidamente, os que seguen:

Primeiro.- Falta de publicación no BOP das fichas de planeamento secundario do PXOU de Vigo e, xa que logo, da ficha número 133, correspondente á U.E. VI-02 "Vista Alegre", o que fai ás normas do Plan Xeral ineficaces e ós actos recorridos nulos por basearse nun planeamento carente de validez e vixencia.

Segundo.- Falta de incorporación do convenio de 13 de novembro de 1986 ó planeamento xeral, que carece das dilixencias acreditativas da súa aprobación provisional e definitiva e con relación ó cal o secretario da Xerencia de Urbanismo certificou que: "Entre a documentación dilixenciada de aprobación definitiva pola CPTOPV, integrante do referido PXOU, obrante nas dependencias desta Secretaría Xeral, non figura o texto dos convenios referidos no apartado anterior." Igualmente, nulidade do traslado de edificabilidade da E.D. I-07 "Ourense" á U.E.V-02 "Vista Alegre."

Terceiro.- Nulidade da ficha correspondente á U.E. V-02 "Vista Alegre" por canto non determina a tipoloxía aplicable no ámbito do estudio de detalle.

Cuarto.- Incumprimento das determinacións que establece ó anexo do Regulamento de planeamento, correspondente á reservas mínimas destinadas a zonas verdes de uso público.

Quinto.- Falta de cesión ó Concello de Vigo dos terreos necesarios para situa-lo aproveitamento municipal non susceptible de apropiación polo propietario do ámbito ou o seu equivalente económico.

Sexto.- Incumprimento dos recuados e do número máximo de vivendas nas edificacións autorizadas na U.E. V-02 "Vista Alegre"; contravención das normas de aplicación directa, sobre adaptación ó ambiente, na autorización das ditas edificacións; asignación de edificabilidade ó ámbito por riba da autorizada polo PXOU e incumprimento das normas do PXOU sobre edificacións baixo cuberta.

9º.- A arquitecta municipal, con data 17 de decembro de 2003, a vista deste escrito de solicitude de revisión de oficio, emitiu o informe que segue:

"A solicitude de licenza para construción dun edificio de planta soto e dúas torres compostas cada unha delas de planta baixa, quince plantas e aproveitamento baixo cuberta en Julia Minguillón nº 20 foi informado pola técnica que subscribe con fecha 19/11/1998, en base as condicións de volume altura e

recuados fixadas no reformado do estudio de detalle da unidade de execución V-02 aprobado definitivamente el 13/12/1997, axustándose o proxecto presentado as condicións establecidas neste e no proxecto de compensación aprobado definitivamente o 12/06/1996 e o reformado do proxecto de urbanización aprobado definitivamente o 17/09/1998.

A edificación obtivo licencia de primeira ocupación por acordo do Consello da Xerencia de data 10/05/2001.

En canto a pérgola situada fora do sólido capaz como elemento decorativo non pode considerarse edificación baixo cuberta polo que non se incumpre o apartado 3.3.1.C) das Normas urbanísticas do Plan Xeral vixente."

10º.- Finalmente, dado traslado do anterior escrito de solicitude de revisión de oficio á mercantil "Valderío Inmobiliaria, S.L.", titular da licencia de edificación concedida para o ámbito "Vista Alegre", por esta, con data 23 de marzo de 2004, presentáronse as alegacións que obran no expediente.

#### CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

I.- Sobre a falta de publicación no BOP das fichas de planeamento secundario do PXOU de Vigo e, concretamente, da ficha número 133, correspondente á U.E. V-02 "Vista Alegre."

Sostén a reclamante que a falta de publicación das "fichas de planeamento secundario" do PXOU de Vigo e, en concreto, da ficha nº 133, correspondente á U.E. V-02 "Vista Alegre", fai ás Normas do PXOU ineficaces e ós actos recorridos nulos por basearse nun PXOU carente de validez e vixencia.

Non pode aceptarse tal motivo de impugnación: o artigo 124 TRLS/1992, en vigor á data de aprobación do PXOU de Vigo de 1993 e aínda vixente, trala sentenza 61/97, do 20 de marzo do Tribunal Constitucional, con carácter de lexislación básica, nos seus apartados 1º e 3º, establece nestes dous apartados que: "1. Os acordos de aprobación definitiva de tódolos instrumentos de planeamento publicaríanse no «Boletín Oficial» correspondente" e que "2. Respecto ás normas urbanísticas e ordenanzas neles contidas estarase ó disposto na lexislación aplicable"; lexislación aplicable que ven dada polo artigo 70.2 LRBRL, modificado pola Lei 39/1994, do 30 de decembro, segundo o cal "As Ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a éstos, a aprobación definitiva dos cales sexa competencia dos Entes Locais, publícanse no «Boletín Oficial» da Provincia (...)."

De acordo cos preceptos transcritos, unicamente resultan necesitados de publicación no «Boletín Oficial» correspondente, ós efectos que agora importan, os acordos de aprobación definitiva dos instrumentos de planeamento e o articulado das normas e ordenanzas dos plans urbanísticos; non así os demais documentos do Plan como, no que agora interesa, as fichas de características de planeamento secundario, que se ben constitúen un documento de indudable transcendencia –como tódolos demais documentos do Plan– non son, sen embargo, por inexistencia legal, de necesaria publicación.

Así o ten declarado o Tribunal Supremo en sentencias de 18 de xuño de 2002, 25 de febreiro de 2002 e 3 de decembro de 2001 (R.J. 2002/2002, ponente: Excmo. Sr. Enrique Sancho), na última das cales sinálase que:

"(...) CUARTO.- En su segundo motivo de casación la parte recurrente invoca el artículo 70.2 da la Ley Reguladora de las bases de Régimen Local núm. 7/1985, de 2 de abril (LRBRL), tal como ha sido interpretado por

la jurisprudencia de esta Sala, que desde las sentencias de la Sala de Revisión de 11 de julio y 29 de octubre de 1991 declara repetida y uniformemente que la entrada en vigor de los planes urbanísticos está condicionada a la íntegra publicación de sus Normas Urbanísticas en el Boletín Oficial correspondiente. Es claro, según expresa el antes citado precepto, que este deber de publicación alcanza únicamente a las Normas Urbanísticas de los planes pero no a los demás documentos que los integran, respecto a los cuales la exigencia de publicidad se entiende cumplida con la publicación del acuerdo de aprobación definitiva del plan y la posibilidad de consulta de aquellos en las oficinas municipales (...)”

É verdade que a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en sentenza do 28 de xaneiro de 1999, dictada no recurso núm. 02/4084/1996, aceptou a alegación da recorrente sobre falta de publicación da denominada “Ficha Núcleo 11.11 Samil 2 A”, pero non o é menos que tal aceptación fundouse, como a propia sentenza se preocupou de xustificar, en que “el examen de esta última (ficha núcleo 11.11 Samil 2 A) la revela, no como una mera ficha de características, sino como una verdadera norma u ordenanza urbanística, advirtiéndose que al margen de la remisión a la Ordenanza 1.3.B para el uso de vivienda, se contienen en la denominada ficha las previsiones de ordenación urbanística para el uso hotelero, sieno así difícilmente discutible el alcance y vocación normativa de la referida ficha”; alcance e vocación normativa da que carece a ficha da U.E. V-02 Vista Alegre.

E así, o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 dos de Vigo, no procedemento ordinario núm. 273/2003, desestimou esta mesma pretensión de falta de vixencia do PXOU por falta de publicación das “fichas” do Plan Xeral, en base á devandita doutrina xurisprudencial, da que cita a recente Sentencia do Tribunal Supremo do 16 de abril de 2003 (R.X. 2003/4530) de acordo coa cal as “fichas” “no son parte de la ordenación normativa material del Plan General sino meros instrumentos de referencias (...) por lo que no les alcanza la exigencia normativa de publicación íntegra”.

## II.- Sobre a falta de incorporación do convenio de 13 de novembro de 1986 ó planeamento xeral.

Afirma, tamén, a reclamante que o convenio urbanístico referido nos antecedentes deste acordo non foi incorporado o vixente PXOU, requisito imprescindible para que este alcanzase “validez y normatividad”.

A dita afirmación debe, igualmente, ser rexeitada: a incorporación dun convenio urbanístico a unha determinada figura de planeamento non resulta tanto da incorporación do documento no que o convenio se contén á documentación da figura de planeamento de que se trate, como da efectiva incorporación das súas concretas determinacións ás novas determinacións do plan, á aprobación ou modificación do cal o convenio se encamina; incorporación que efectivamente tivo lugar no presente caso, tal e como declara o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ó enxuzar este convenio, na sentenza do 27 de xuño de 2002, dictada no recurso contencioso-administrativo número 02/4072/1998, interposto contra o acordo plenario de 31 de xullo de 1997, polo que se aprobou definitivamente a Modificación Puntual número 12 do PXOU, relativa á norma urbanística 3.4 e a ordenanza 1.2 de edificación aberta nas unidades de execución do Núcleo Central (UE I-03, UE I-04 e , UE IV-06).

Así, fronte á tesis de actora de que tanto o convenio que nos ocupa, suscrito o 13 de novembro de 1986, como o asinado o 14 de xullo de 1989 – referido á U.E. I-04 Unión Cervecera – non están incorporados ó PXOU de Vigo, afirma o dito Tribunal que “Esta interpretación de orden general de la parte actora no puede ser compartida, pues esta Sala ha declarado con reiteración, respecto de la mencionada subsanación de deficiencias de 1993, que no resultaba contrario a la razón ni a la legalidad vigente que se aprovechase la oportunidad de una adaptación impuesta legalmente para ejercer la facultad municipal de modificar o revisar el Plan, y que incluso podría entenderse contrario al interés público, al estar dirigida la potestad de planeamiento a establecer la ordenación

más adecuada a las exigencias cambiantes del interés general, el no aprovechar para ejercer el “ius variandi” una obligada adaptación a una ley. En consecuencia tiene que partirse de que los indicados convenios se encuentran incorporados al PGOU desde 1993 y reflejados en las correspondientes fichas y planos de ordenación.”

### III.- Sobre a nulidade do traslado de edificabilidade da E.D. I-07 "Ourense" á U.E.V-02 "Vista Alegre."

Confunde aquí o reclamante o que é unha transferencia de aproveitamento en estricto sentido técnico – procedemento de axuste entre os aproveitamentos susceptibles de apropiación e os reais permitidos polo planeamento, en solo urbano consolidado, cando non se actúe a través de polígonos e o planeamento previse a delimitación de áreas de reparto e fíxase o aproveitamento tipo– e o que constitúe unha reordenación de volumes – de aproveitamentos reais permitidos polo planeamento– nunha unidade de execución discontinua, que é o que tivo lugar no caso que nos ocupa a través dos acordos plenarios do 8 de febreiro de 1996 –delimitación dunha unidade de execución de ámbito discontinuo, denominada U.E. 02 Vista Alegre / I-07 Ourense–; de 5 de xullo de 1996 sobre modificación do estudio de detalle I-07 Ourense e do 13 de decembro de 1997, de modificación do estudio de detalle da U.E. V-02 Vista Alegre.

Pero é que tampouco resulta dos ditos acordos ningún traslado de aproveitamentos urbanísticos reais previstos polo planeamento na área I-07 Ourense á U.E. V-02 Vista Alegre: a ficha de características do PXOU correspondente á U.E. V-02 Vista Alegre asigna a este ámbito unha edificabilidade de 12.220 m<sup>2</sup> construíbles, que é a edificabilidade que ordena o estudio de detalle aprobado con data 13 de decembro de 1997 para este ámbito de ordenación. Pola súa parte, a ficha de características do PXOU correspondente ó ámbito I-07 Ourense, remítese ó estudio de detalle aprobado con data do 5 de xullo de 1990, cunha edificabilidade total para o mesmo de 6.029 m<sup>2</sup> construíbles, e a edificabilidade que ordea a modificación deste estudio de detalle, aprobada con data do 5 de xullo de 1996, é de 4.029 m<sup>2</sup> construíbles.

Se na U.E. V-02 Vista Alegre ordenose a mesma edificabilidade que o PXOU lle asigna na correspondente ficha de características e se no E.D. I-07 Ourense, reduciuse a edificabilidade do estudio de detalle aprobado no ano 1990, ó que se remite a súa ficha de características, ningunha transferencia, ou traslado de edificabilidade, se ten producido a virtude dos ditos estudos de detalle, nin tampouco a través do proxecto de compensación aprobado para estos dous ámbitos de ordenación, agrupados a efectos de xestión na unidade de actuación discontinua U.E. V-02 Vista Alegre / I-07 Ourense, con data do 12 de setembro de 1996, ó ter este por obxecto equidistribuí-las cargas do polígono e non ordenar volumes; función propia dos devanditos estudos de detalle.

O referido convenio de 1986 tiña por obxecto preparar unha modificación de planeamento que permitira un incremento de edificabilidade na U.E. Vista Alegre e unha correlativa diminución do aproveitamento urbanístico no ámbito I-07 Ourense. A aprobación do vixente PXOU de Vigo incorporou para a U.E. Vista Alegre a edificabilidade máxima contemplada no convenio e a modificación do estudio de detalle do 5 de xullo de 1996 para a I-07 Ourense, reduxo, de conformidade coas estipulacións do convenio, o aproveitamento urbanístico contemplado para este ámbito na ordenación preexistente á aprobación do vixente PXOU de Vigo. Ningunha transferencia de aproveitamento urbanístico se ten, xa que logo, producido.

IV.- Sobre a nulidade da ficha correspondente á U.E. V-02 "Vista Alegre" por canto non determina a tipoloxía aplicable no ámbito do estudio de detalle.

Dispón literalmente a devandita ficha de características en relación con esta cuestión o que segue: "Condicións de uso: as permitidas nas ordenanzas 1.1 e 1.2". O feito de que non se precise na ficha que a tipoloxía edificatoria do ámbito será a correspondente a estas mesmas ordenanzas non pode provocar a anulabilidade, nin



moito menos a nulidade de pleno dereito do plan neste punto; e isto tanto pola moderación que debe presidir a aplicación da teoría xurídica das nulidades dos actos administrativos (por todas a STS de 30 de novembro de 1993, R.X. 1230/94), como porque tal imprecisión pode ser perfectamente integrada recorrendo ós medios que a tal fin a teoría xeral do dereito, e sinaladamente o título preliminar do Código Civil, pon a disposición do operador xurídico; interpretación integrada que, ultimamente, o artigo 6 LOUGA impón expresamente para a resolución das dúbidas na interpretación do planeamento urbanístico. Nesta tarefa de integrar a imprecisión invocada da ficha de características é suficiente acudir á interpretación lóxica da mesma de acordo co establecido no artigo 3 do Código civil. Así, deben rexeitarse as tipoloxías que non se correspondan cos usos autorizados; dentro das admisibles --1.1. de edificación pechada, 1.2. de edificación aberta e 1.3. de edificación familiar-- deben rexeitarse aquelas que non permitan situar o aproveitamento permitido pola ficha, isto é a 1.3. de edificación familiar. En consecuencia, as tipoloxías edificatorias que corresponden ós usos autorizados e permiten o emprazamento do aproveitamento fixado pola ficha de características son a 1.1. de edificación pechada e 1.2. de edificación aberta. Doutra parte, dentro da ordenanza 1.2 deberá interpretarse como aplicable a que mellor permita a materialización do aproveitamento previsto na ficha de características: a 1.2.A.

Pero é que, ademais, esta cuestión foi xa resolta coa modificación puntual nº 12 do PXOU de Vigo, relativa á Norma urbanística 3.4. e á ordenanza 1.2 de edificación aberta aprobada polo Concello-Pleno en sesión de 31 de xullo de 1997--anterior á modificación do estudio de detalle da UE V-02 Vista Alegre de 13.12.1991--, na que se establece que "nas fichas das figuras de Planeamento secundario sitas no ámbito do núcleo central e de uso residencial nos que non figure a tipoloxía característica, fíxanse as tipoloxías 1.1. ou 1.2 en función dos obxectivos, ordenación, etc que figuren na ficha."

Esta modificación puntual, se ben foi obxecto de recurso contencioso-administrativo --o número 02/4072/1998-- e anulada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en sentenza de 27 de xuño de 2002, atópase plenamente en vigor; toda vez que, por providencia da devandita Sala de 4 de setembro de 2002, tívose por preparado o recurso de casación interposto polo Concello contra a dita sentenza anulatoria, sen que na substanciación do recurso contencioso-administrativo se acordara a suspensión da eficacia do acto impugnado.

Ademais, a dita sentenza de instancia, anulatoria, o foi por estimar que concurre un incumprimento das novas determinacións aprobadas para a ordenanza 1.2, nas devanditas unidades de execución: UE I-03, UE I-04 e UE IV-06, pero non por considerar contraria a dereito a precisión antes transcrita de que: "nas fichas das figuras de Planeamento secundario sitas no ámbito do núcleo central e de uso residencial nos que non figure a tipoloxía característica, fíxanse as tipoloxías 1.1. ou 1.2 en función dos obxectivos, ordenación, etc que figuren na ficha." E así, o Tribunal no seu faio, --non firme, temos que volver a repetir-- anula "el Acuerdo de 31 - 7 - 97 del Ayuntamiento de Vigo por el que se aprobó definitivamente la Modificación puntual número 12 del PXOU, relativa a la Norma urbanística 3.4 y a la ordenanza 1.2 de edificación abierta en las Unidades de Ejecución del Núcleo Central (UE I-03, UE I-04 y UE IV-06)", sen mencionar as unidades de execución do núcleo exterior ás que tamén afecta o acordo (UE 4 Igrexa-Cabral, UE 4 Canteira-Matamá e UE 14 Pedreira San Miguel de Oia), para as cales dispónse que "Nas fichas das unidades de execución ou actuación sitas no ámbito do núcleo exterior, nas cales non figure a tipoloxía característica nos criterios de ordenación, fíxase como tipoloxía característica a tipoloxía de vivenda unifamiliar."

Cabe entender, xa que logo, que, en calquera caso, a dita anulación --non firme, insistimos-- do acordo plenario de 31 de xullo de 1997, polo que se aprobou definitivamente a Modificación Puntual número 12 do PXOU, solo afecta á norma urbanística 3.4 e a ordenanza 1.2 de edificación aberta nas unidades de execución do Núcleo Central UE I-03, Metalúrxica, UE I-04, Unión Cervecera e UE IV-06, Filipinas-Couto de San Honorato e non nas

demais unidades de execución, nas que non concurren os motivos de nulidade aducidos nos fundamentos de dereito da sentenza e que, tampouco, se mencionan no faio.

V.- Sobre o incumplimento das determinacións que establece ó anexo do Regulamento de planeamento, correspondente á reservas mínimas destinadas a zonas verdes de uso público.

Con carácter previo á contestación deste motivo de impugnación procede entrar na análise do convenio suscrito en 13 de novembro de 1986 entre o Concello de Vigo e D. Fernando Casuso Silva e outros ó que se refire o reclamante ó iniciar a xustificación deste motivo de impugnación.

O devandito convenio, en virtude do cal se recoñece polo Concello de Vigo á parte privada do mesmo, en relación ás parcelas nel sinaladas, determinadas edificabilidades e usos, xustifícase, segundo se recolle na súa parte expositiva, "na necesidade de obter espazos libres nas zonas centrais da cidade nas que dunha maneira ou outra se emprazan as parcelas e edificacións anteriormente descritas, que aconsella modifica-las determinacións previstas no planeamento vixente e efectua-la correspondente distribución de volumes que permita de forma case inmediata acadar tales dotacións."

A tal fin prevese no convenio a obtención dun espacio aberto para praza de uso público de, ó menos, 2000 m<sup>2</sup> entre a fachada do edificio nº 70 --A Metalúrxica-- e a edificación que no seu día se constrúa, así como a conservación da edificación sita no predio sinalado como A no convenio, denominada Vimieiros, entre as rúas Ourense, Menéndez Pelayo e López Mora, catalogada como conservable integral no Plan Especial de edificios, conxuntos e elementos a conservar en Vigo, liberando de edificación os terreos circundantes a dita construción, sen destinalos, non obstante, ó uso público.

Sen embargo da estipulación cuarta do convenio e dos antecedentes deste desprendese a existencia doutra causa "verdadeira e lícita" no mesmo convenio: a dunha transacción extraxudicial, en virtude da cal as partes, dando, prometendo ou retendo cada unha algunha cousa, evitan a provocación dun pleito ou poñen termo ó comenzado (art.1809 do Código civil).

En efecto, na citada estipulación cuarta do convenio establécese a obriga da parte privada de desistir das accións legais exercidas contra calquera acordo adoptado pola Administración municipal ou pola Administración Autonómica relacionado coa edificabilidade ou construción de edificios sobre as parcelas obxecto do convenio, ou, no seu caso, a non exercitar contra o Concello as accións conducentes a executar calquera tipo de resolución administrativa e/ou xudicial.

E así, temos que, con data 16 de decembro de 1985, a Comisión Municipal permanente do Concello de Vigo denegou á entidade "Setenta de García Barbón, S.A." a concesión dunha licenzia de edificación na parcela sinalada co nº 70 --unha das do convenio-- da rúa García Barbón. Recorrida en reposición dita resolución ante a Comisión Provincial de Urbanismo, por esta, con data 14 de febreiro de 1986 dictouse resolución estimando o recurso interposto e concedendo a licenzia solicitada. Contra este acordo da Comisión Provincial de Urbanismo o Concello de Vigo interpuxo recurso contencioso administrativo ante a Audiencia Territorial de A Coruña que se seguiu co número 382/86.

Doutra parte, co nº 705/86, seguíuse tamén ante a Sala do Contencioso- Administrativo da Audiencia Territorial de A Coruña recurso contencioso administrativo por suspensión e solicitude de anulación, por parte do Concello de Vigo, dos efectos da licenzia concedida pola Comisión Provincial de Urbanismo, con data 16 de

decembro de 1985, a D<sup>a</sup> Elvira Silva Maldonado para construír un edificio na rúa López Mora --outra das parcelas do convenio-- por considerar dito acto administrativo unha manifesta infracción urbanística grave.

Así pois, a poñer fin a estos procedementos xudiciais --nos que en 9 de abril de 1997 e 16 de decembro de 1988, recairon, respectivamente, sentencias firmes favorables ó Concello e a D<sup>a</sup> Elvira Silva Maldonado-- obedeceu fundamentalmente á realización do convenio que nos ocupa sen prexuízo de que con ocasión das recíprocas concesións que toda transacción implica, o Concello de Vigo aproveitará esta para acadar outros obxectivos:

- Reducir drasticamente as edificabilidades que o PXOU de 1971 asignaba ó conxunto das parcelas obxecto do convenio. Así, a denominada parcela Vimieiros, cualificada no Plan Xeral de 1971 coa ordenanza 1.B. --12 m<sup>3</sup>/m<sup>2</sup>, equivalentes a 4 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>-- en todo o seu fronte, nun fondo de 20 metros, pasa de ter unha edificabilidade de máis de 12.000 m<sup>2</sup>. a dispoñer de só 6.325 m<sup>2</sup>. de aproveitamento urbanístico. As parcelas sinaladas cos números 72, 74 e 76 da rúa García Barbón, cunha superficie total segundo o convenio de 5.398 m<sup>2</sup>, cualificadas coa ordenanza 1.B. no citado plan xeral de 1971 --16 m<sup>3</sup>/m<sup>2</sup>, equivalente a 5,33 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>-- pasan a dispoñer dun aproveitamento urbanístico de 12.000 m<sup>2</sup> para vivenda e 6.100 m<sup>2</sup> para baixos comerciais. Ás parcelas incluídas na UE Vista Alegre, recoñéceselles a edificabilidade que lles corresponde pola zona 2.A. do Plan Xeral de 1971 (4 m<sup>3</sup>/m<sup>2</sup>).
- Preservar elementos valiosos do patrimonio histórico e natural incluídos nas mesmas. Así, consérvase a edificación, catalogada como conservable integral, existente na U.E. Ourense, como tamén a fachada do edificio n<sup>o</sup> 20 da rúa García Barbón (A Metalúrxica).
- Aumentar cesións: prevese a creación dun espacio aberto para praza de uso público de ó menos 2000 m<sup>2</sup> entre a fachada do n<sup>o</sup> 70 da rúa García Barbón e o edificio que se constrúa.
- Cambia-la edificación pechada no borde da rúa García Barbón por edificación aberta recuada.

En conclusión, o convenio que nos ocupa ten a natureza dunha transacción extraxudicial a virtude da cal a parte privada obrígase a poñer fin ás reclamacións presentadas e litixios iniciados --ou a non solicita-la execución das resolucións eventualmente favorables que neles se puidesen producir-- en relación coa edificabilidade ou construción de edificacións sobre as parcelas obxecto do convenio, retendo a edificabilidade que o Concello lle recoñece, nas condicións e coa disposición fixada no acordo, e ofrecendo, a súa vez, a praza pública de ó menos 2000 m<sup>2</sup> antes deslindada, así como a preservación dos elementos valiosos do patrimonio histórico-cultural existentes nas parcelas de referencia.

Estas, e non outras, son as obrigas que en virtude do referido convenio adquiriron o Concello e D. Fernando Casuso Silva xunto coas demais partes privadas do mesmo.

É de destacar, finalmente, que no recurso contencioso administrativo n<sup>o</sup> 705/86, D<sup>a</sup>. Elvira Silva Maldonado --unha das partes do convenio-- obtivo ó seu favor sentenza do Tribunal Supremo pola que se recoñece a firmeza da licenza a ela outorgada pola Comisión Provincial de Urbanismo de Pontevedra para a construción dun edificio na rúa López Mora --U.E. Ourense-- e que dita sentenza non foi, en cumprimento das estipulacións do convenio que nos ocupa, executada.

Analizada xa a natureza xurídica do convenio pasamos a examinar o reproche que se fai polo reclamante sobre o incumplimento das determinacións que establece ó anexo do Regulamento de planeamento, en canto á reservas mínimas destinadas a zonas verdes de uso público.

A UE V-02 Vista Alegre configúrase no PXOU como un ámbito de execución deste planeamento, integrado por unha sola parcela, de propiedade única, clasificada como solo urbano, que, de acordo coa Disposición Transitoria Segunda b), da Lei 1/1997, de 24 de marzo, do solo de Galicia, cabería calificar nesta Lei de consolidado, á vista do carácter non integral da execución, dada a innecesariedade de equidistribución e a escasa entidade das obras de urbanización necesarias para converti-la parcela en solar.

En relación ó solo urbano, independentemente das reservas establecidas nesta clase de solo para a estrutura xeral e orgánica de parques urbanos públicos, o artigo 29. 1. d) do Regulamento de planeamento esixe, en canto a espazos libres e zonas verdes, as previsións adecuadas ás necesidades colectivas e características socioeconómicas da poboación, pero non as reservas previstas no anexo ó Regulamento de planeamento; reservas de solo para dotacións que, como o mesmo anexo dispón, establece para os plans parciais; figura de planeamento que ten por obxecto desenvolver o planeamento xeral en solo urbanizable ou apto para urbanizar. Ademais, de admitirse a alegación e a argumentación da reclamante, o reproche que examinamos non debería limitarse á falta de previsión de zonas verdes públicas, senón que debería extenderse, tamén, a falta de previsión de dez metros cadrados de solo por vivenda para dotación escolar de E.G.B. e de dous metros cadrados construídos por vivenda para dotacións comerciais e sociais, que igualmente esixe o dito anexo do Regulamento de planeamento para os plans parciais; previsións que, repetimos, de ningún precepto da lexislación urbanística vixente no momento de aprobación do planeamento xeral de Vigo resultaban esixibles para o solo urbano como é o de a U.E. Vista Alegre.

VI.- Sobre a falta de cesión ó Concello de Vigo dos terreos necesarios para situar-lo aproveitamento municipal non susceptible de apropiación polo propietario do ámbito ou o seu equivalente económico.

No informe proposta emitido para a aprobación definitiva do proxecto de compensación do polígono sostense, en base ós argumentos que no mesmo figuran, que tal cesión non era necesaria. Sen compartir necesariamente --por descoñecelos-- os argumentos que levaron ó secretario xeral a soste-la opinión contraria, este informante entende que sí estaba obrigada a propiedade a ceder tales terreos e isto polas seguintes razóns:

Dunha parte, porque o convenio urbanístico de data 13.11.1986, ratificado polo Concello-Pleno en sesión de 27-02-1989, tiña unha natureza, como o seu propio nome indica, convencional, isto é --coas matizacións que o seu propio obxecto comporta-- contractual.

Doutra, porque a entrada en vigor do TRLS en 1992, determinou, con relación a este convenio, a sobreveniencia dunha causa de extinción parcial da obriga municipal de permitir á parte privada do convenio a patrimonialización do 100% do aproveitamento asignado no mesmo: a imposibilidade da prestación, como causa extintiva das obrigas, prevista nos artigos 1.182 e 1.184 do Código civil: "quedarán extinguidas as obrigas que consista en entregar unha cousa determinada cando ésta se perdesse ou destruíse sen culpa do deudor e antes de terse este constituído en mora", (artigo 1.182 Código civil). "Tamén quedarán liberados os deudores das obrigas de facer cando a prestación resultase legal ou fisicamente imposible" (artigo 1.184 do Código Civil).

Agora ben, declarados inconstitucionais a virtude da sentenza do Tribunal Constitucional de 20 de marzo de 1997, os preceptos que puideron, no seu momento, fundamentar tal esixencia de cesión polo Concello de Vigo --artigo 27.1 e 2 e disposición adicional primeira do Texto Refundido da Lei do Solo de 1992-- ningunha revisión procede realizar, agora, do proxecto de compensación aprobado, no que non se contemplou a cesión pretendida: proxecto de compensación que, por outra parte, non se encontra entre os actos recurridos, nin pode ser obxecto de recurso indirecto o non tratarse dunha disposición de carácter xeral.

VII.- Sobre o incumprimento dos recuados, incumprimento das normas do PXOU sobre edificacións baixo cuberta e do número máximo de vivendas nas edificacións autorizadas na U.E. V-02 "Vista Alegre."

Respecto destes motivos de impugnación, o arquitecto municipal, con data 26.10.1999, fronte a mesma alegación informou que:

"(...) o estudio de detalle reformado (...) cumpre estrictamente coa ordenanza 1.2.A, deixando os recuados a lindeiros de 12,7 metros (...) en canto ó incumprimento de alturas o estudio de detalle reformado establece as rasantes en relación ó vial o que da fronte (rúa vista Alegre) e que se cuantifica en 48 metros (16 plantas x 3 metros) cumprindo coa ordenanza do PXOU".

Pola súa parte, a arquitecta municipal, coa mesma data de 26 de outubro de 1999, informou o que segue:

"Entre os motivos de impugnación relatados nos escritos presentados únicamente dous puntos se refiren estrictamente á licenza de obra.

Un refírese ó incumprimento dos recuados mínimos fixados pola ordenanza e o estudio de detalle ó voo á edificación sobre a planta baixa. No proxecto básico presentado a edificación tiña uns recuados mínimos de 12,70 metros no voo, axustándose exactamente ó estudio de detalle. Posteriormente estes recuados modifícanse no proxecto de execución presentado o cal se notifica á propiedade co fin de que corrixa tal extremo.

En canto ó incumprimento do apartado 3.3.1.c) das normas urbanísticas do Plan Xeral ó autorizarse una pérgola cos pilares fora do sólido capaz, isto non é máis que un elemento decorativo que non afecta ó volume da edificación.

A ocupación do sólido baixo rasante máis elementos anexos á edificación de uso privado non superan o 50% de ocupación máxima da parcela fixados pola ordenanza 1.2. de edificación aberta."

A mesma arquitecta municipal, con data con data 17 de decembro de 2003, a vista deste escrito de solicitude de revisión de oficio, emitiu o informe que segue:

"A solicitude de licenza para construción dun edificio de planta soto e dúas torres compostas cada unha delas de planta baixa, quince plantas e aproveitamento baixo cuberta en Julia Minguillon nº 20 foi informado pola técnica que subscribe con fecha 19/11/1998, en base as condicións de volume altura e recuados fixadas no reformado do estudio de detalle da unidade de execución V-02 aprobado definitivamente el 13/12/1997, axustándose o proxecto presentado as condicións establecidas neste e no proxecto de compensación aprobado definitivamente o 12/06/1996 e o reformado do proxecto de urbanización aprobado definitivamente o 17/09/1998.

A edificación obtivo licenza de primeira ocupación por acordo do Consello da Xerencia de data 10/05/2001.

En canto a pérgola situada fora do sólido capaz como elemento decorativo non pode considerarse edificación baixo cuberta polo que non se incumpre o apartado 3.3.1.C) das Normas urbanísticas do Plan Xeral vixente."

Finalmente, en canto ó incumprimento do apartado 3.4.2 --ordenanza 1.2. de edificación aberta-- en canto a limitación, no grao A, da densidade a 75 vivendas por hectárea, procede contestar que de acordo co apartado 3.1.3 --terminoloxía-- das Normas Urbanísticas do vixente PXOU, "este concepto (de densidade) manexarase unicamente no planeamento para a ordenación de sectores por medio das figuras de planeamento correspondentes"; tendo a consideración de sector a unidade xeográfica urbanística delimitada para a súa ordenación detallada e completa a través dos plans parciais.

Non procede, pois, aplicar este concepto e, xa que logo, esta limitación de vivendas a un polígono de solo urbano a ordenar a través dun estudio de detalle.

#### VII.- Sobre a contravención das normas de aplicación directa, en relación á adaptación ó ambiente, na autorización das ditas edificacións.

Non se xustifica a concurrencia nas edificacións autorizadas da conxunción dos tres elementos que integran os supostos nos que nos artigos 138 TRLS/1992, 59 LSG e 104 LOUGA se concreta a obriga de adaptación ó ambiente das construcións: os supostos de feito a protexer --edificios de carácter histórico, típico ou tradicional, lugares de paisaxe aberto e natural, perspectivas de conxuntos urbanos, inmediacións de camiños pintorescos--; as circunstancias externas que inciden sobre aquel --ubicación, masa o altura das construcións-- e o efecto prohibido --limita-lo campo visual para contempla-las belezas, rompe-la armonía da paisaxe, ou desfigura-la perspectiva deste--.

A tipoloxía das construcións autorizadas é congruente co entorno: a antigüa finca de "Vista Alegre", onde se emprazaba o Clube de Campo, afectada pola apertura do nó de Isaac Peral, ordenouse a partires dos anos setenta con tipoloxías de edificación aberta --boques abertos Apart 1, Apart 2 e edificio MAPFRE-- separados por espacios axardinados intermedios e barreiras de edificación pechada na aliñación da rúa García Barbón, tal como se reflicte no plano incorporado ó expediente. O planeamento xeral procura aquí, na U.E. Vista Alegre, coa tipoloxía 1. 2. A, e dentro das alturas permitidas por esta ordenanza, unha razonable articulación coas devanditas tipoloxías edificatorias que evita a repetición de solucións tiplóxicas idénticas e libera unha maior superficie de espacio libre de uso público.

#### VIII.- Sobre a asignación de edificabilidade ó ámbito por riba da autorizada polo PXOU.

Esta mesma cuestión foi xa resolta polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na referida sentenza do 27 de xuño de 2002, dictada no recurso contencioso-administrativo número 02/4072/1998, interposto contra o acordo plenario de 31 de xullo de 1997, polo que se aprobou definitivamente a Modificación Puntual número 12 do PXOU, relativa á norma urbanística 3.4 e a ordenanza 1.2 de edificación aberta nas unidades de execución do Núcleo Central (UE I-03, UE I-04 e , UE IV-06). Afirmase, en relación a esta alegación, no seu fundamento cuarto que:

"De acuerdo con lo que acaba de establecerse no puede decirse que el acuerdo impugnado incurra en arbitrariedad y desviación de poder, o que establezca una reserva de dispensación, pues lo que trata de hacer es concretar la ordenación aplicable a unas unidades de ejecución cuyo aprovechamiento es superior al señalado con carácter general en una determinada ordenanza, sustituyendo al imprecisa remisión anterior al planeamiento secundario. La atribución en el Núcleo Central de edificabilidades superiores a la máxima prevista en la ordenanza 1.2. se produjo en la subsanación de 1993, y por lo tanto tenía que haber sido combatida de forma directa cuando se aprobó."

*IX.- De conformidade co artigo 102. 1, 2 e 3 LRX-PAC "1.- As Administracións públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou solicitude do interesado, e previo dictame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o huber, declararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxesen fin á vía administrativa ou que non foran recorridos en prazo, nos supostos previstos no artigo 62.1*

*2.- Asemade, en calquera momento, as Administracións públicas de oficio, e previo dictame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma se o houber, poderán declarar a nulidade de las disposiciones administrativas nos supostos previstos no artigo 62.2.*

*3.- O órgano competente para a revisión de oficio poderá acordar motivadamente a inadmisión a trámite das solicitudes formuladas polos interesados, sen necesidade de recabar dictame do Consello de Estado ou órgano consultivo da Comunidade Autónoma, cando as mesmas non se baseen nalguna das causas de nulidade do artigo 62 ou carezan manifestamente de fundamento, así como no suposto de que se tiveran desestimado en canto ó fondo outras solicitudes sustancialmente iguais."*

*A vista das precedentes consideracións pódese afirmar que a petición do reclamante carece manifestamente de fundamento e que, dado o carácter alternativo na redacción da especificación das causas de inadmisión deste tipo de peticións no artigo 102. 3 LRX-PAC, resultaría perfectamente xustificada a inadmisión a trámite da solicitude; non obstante, seguindo a recomendación do Valedor do Pobo, feita no seu expediente B.2.Q/558/2000, sobre remisión ó Consello Consultivo de Galicia por esta Administración municipal das solicitudes de revisión de oficio cando se invoquen causas de nulidade previstas no artigo 62 LRX-PAC, propónse a remisión do expediente ó dito órgano consultivo.*

*X.- Por outra parte, de acordo co artigo 106 LRX-PAC: "As facultades de revisión non poderán ser exercitadas cando pola prescripción de accións, polo tempo transcurrido ou por outras circunstancias, o seu exercicio resulte contrario á equidade, a boa fe, o dereito dos particulares ou ás leis."*

*O tempo transcurrido dende o remate e ocupación da edificación --febreiro de 2001-- e o coñecemento que desta actuación urbanística cabe presumir en D. Eduardo Canabal Sanz, habida conta a súa condición de habitual recurrente das decisións urbanísticas municipais e a notificación que, con data 24 de xullo de 1996, se lle practicou do acordo plenario de 5 de xullo de 1996, sobre a aprobación definitiva da modificación do estudio de detalle da U.A. I-07 Ourense, estreitamente relacionado co que nos ocupa, permiten poñer en cuestión que a revisión pretendida resulte conforme á boa fe.*

*XI.- Finalmente, de acordo cos artigos 123. i) e l) e 127. e) e k) LRBRL, resultan competentes para conocer da revisión de oficio solicitada o Pleno do Concello, en canto os acordos plenarios de 5 de xullo de 1996 e 13 de decembro de 1997, sobre o estudio de detalle da U.E. V-02 Vista Alegre, e a Xunta de Goberno Local, en canto ós acordos do presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de 23 de decembro de 1998 e do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo 10 de maio de 2001 sobre concesión de licencias de obra e primeira ocupación no dito polígono.*

*Por todo o exposto e de acordo coas precedentes consideracións e artigos citados propónse á Xunta de Goberno Local, en canto ós acordos do presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de 23 de decembro de 1998 e do Consello da Xerencia de 10 de maio de 2001, sobre concesión de licencias de obra e primeira ocupación no dito polígono, a adopción do seguinte A C O R D O..."*

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

Primeiro.- Prestar conformidade ó informe que antecede emitido en relación coa solicitude de declaración de oficio da nulidade de pleno dereito da resolución do presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de 23 de decembro de 1998 e do acordo do Consello da Xerencia de 10 de maio de 2001 sobre concesión de licencias de obra e primeira ocupación para as edificacións do dito polígono.

Segundo.- Remítase o expediente, con certificación do acordo recorrido, ó Consello Consultivo de Galicia para ditame previo á resolución da petición de revisión de oficio.

#### **33(571).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS S.A. POR IMPORTE DE 24.787,37 € POLOS GASTOS DERIVADOS DA ADQUISICIÓN DE FORMIGÓN. EXPTE. 40090/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da interventora xeral do 9.03.04 e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo de Vías e Obras, do 22.04.04, conformado polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras e polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Recoñece-lo gasto necesario para o aboamento da factura presentada ó cobro por Obras y Construcciones Dios,S.A. por importe de vinte e catro mil setecentos oitenta e sete euros con trinta e sete céntimos de euro ( 24.787,37 € ) con cargo a partida presupostaria 5110.210.00.06 ou bolsa de vinculación da mesma, polo que o contratista considérase, segundo a súa propia declaración, resarcido de todos os gastos derivados da execución dos traballos realizados

2º.- Do presente acordo deberá darse conta ó Pleno da Corporación en cumprimento do previsto nas Bases de Execución do Presuposto.

#### **34(572).-SOLICITUDE DE SUBVENCIONS Á CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO PARA ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE. EXPTE. 1085/336.**



Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 5.05.04, conformada pola concelleira delegada de Xuventude, a Xunta de Goberno, acorda:

Aproba-la solicitude de subvención para as subvencións ás entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías, convocadas pola Xunta de Galicia ó abeiro da orde do 15.03.04, por importe de 211.759,5 €.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **35(573).- CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS POR UN PERÍODO DE 3 MESES DE DOUS AUXILIARES ADMINISTRATIVOS PARA O SERVICIO DE SEGURIDADE E MOBILIDADE. EXPTE. 15033/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 28.04.04, que di o seguinte:

*Antecedentes.*

*Con data 27 de abril de 2004, a xefa da Área de Seguridade, coa conformidade do concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, solicita a adscripción de dous auxiliares administrativos pola carencia endémica de persoal auxiliar que non permite cumprir cos prazos na tramitación de expedientes, nin atender axeitadamente ó persoal que diariamente ven facer xestións á dita Área, etc., situación acrecentada pola recente baixa por incapacidade laboral transitoria de tres funcionarias do servizo e da situación de librerada sindical doutra auxiliar administrativa.*

*Fundamentos legais.*

*De conformidade co disposto no artigo 9.2 da lei 4188, de 26 de maio da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.*

*Nembargantes, e consonte ó paragrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.*

*Ó aveiro do disposto no **artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo**, polo que se establece o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do Estado, de aplicación supletoria para o persoal da administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.*

*O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regramentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, isto é, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público. Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e coma dispón o artigo 35 do RD 364/95 .*

*Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será, con carácter xeral, o concurso, agás nos casos de urxencia.*

*Nas bases da derradeira oferta de emprego público correspondente ó ano 2002 (BOP de 5 de maio de 2003), recentemente executada, prevéase expresamente na base xeral “outras disposicións comúns”, a posibilidade de confeccionar unha lista de substitucións a través dos aspirantes que, non superando a oposición, tivesen aprobado os distintos exercicios de que constou aquela.*

*Por resolución da alcaldía-presidencia, de data 12 de febreiro de 2004, en execución do acordo coa Xunta de Goberno Local de 9 de febreiro anterior, resolveuse o nomeamento interino de sete auxiliares de administración xeral, polo que neste intre a referida lista atópase esgotada.*

*Consecuentemente, e partindo da urxencia e celeridade que motiva esta contratación, cumpre retrotraerse á derradeira lista de substitucións existente nesta Unidade de Persoal, resultante dunha convocatoria aprobada expresamente para tales efectos por acordo da Comisión Municipal de Goberno de 3 de marzo de 2003 (BOP de 30 de marzo seguinte).*

*En virtude do devandito acordo, deuse aprobación ás bases de selección para cubrir interinamente catro prazas de auxiliar de administración xeral, prevéndose asemade nas mesmas a formación dunha lista de substitucións para novas contratacións temporais ou nomeamentos interinos en función da puntuación obtida polos aspirantes nas probas realizadas.*

*En consecuencia co exposto, as/os seguintes aspirantes da referida lista resultarían ser D<sup>o</sup>. Ana Sofía Carrera Pérez, NIF 36.095.307-G e D. Carlos Gómez Costas, NIF 76.996.345-G, 1<sup>a</sup> e 4<sup>o</sup> toda vez que as aspirantes que figuraban nos postos 1<sup>o</sup> e 4<sup>o</sup> xa foron contratadas por esta mesma modalidade contractual, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de abril ppdo., e as 2<sup>a</sup>, 3<sup>a</sup> e 6<sup>a</sup> renunciaron expresamente á posibilidade de formalizar a referida contratación laboral, procedendo a aceptar expresamente mediante escritos de data 28 de abril actual a Sra. Carrera Pérez e Sr. Gómez Costas, unha eventual contratación temporal por acumulación de tarefas.*

*A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, esta definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.*

*Entendese por outra banda amparada ésta contratación ó aveiro do disposto no artigo 20.2 da lei 61/2003, de presupostos xerais do Estado para o ano 2004, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servizo de recepción obrigatoria como o que nos ocupa.*

*Por todo isto, e previo informe da Intervención Xeral sobre a existencia de consignación presupostaria para facer fronte o gasto que se propón, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local dicte a seguinte acordo:..”*

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Consta no expediente informe do técnico de Intervención Xeral, do 3.05.04, conformado pola interventora.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe, acorda:

Primeiro.- Contratar a D<sup>a</sup>. Ana Sofía Carrera Pérez, NIF 36.095.307-G e D. Carlos Gómez Costas, NIF 76.996.345-G, como auxiliares administrativos, por un período de tres meses (4 de maio ó 3 de agosto de 2004), cun contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas regulado polo RD. Lexislativo 1/1995, Estatuto dos Traballadores, art. 8.2 e 15, lei 63/97 e RD 272/98, de 18 de decembro.

Segundo.- Percibirán como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extra e vacacións do posto de traballo 140 –auxiliar administrativo.

#### **36(574).- BASES DA COBERTURA INTERINA DUNHA PRAZA VACANTE DE TÉCNICO AUXILIAR DO LABORATORIO MUNICIPAL. EXPTE. 14990/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 12.04.04, que di o seguinte:

*Antecedentes .*

*No cadro de persoal municipal, existe vacante, entre outras, unha praza de Técnico auxiliar de laboratorio, encadrada no grupo C de titulación, Escala Administración especial, subescala técnica auxiliar.*

*Dita praza atópase vacante dende o día 1.12.03, data na que o anterior titular, Sr. D. Eugenio Costas Riveiro tomou posesión da praza de Técnico medio de laboratorio, trala superación do pertinente proceso selectivo por promoción interna, incluído na O.E.P. de 2002.*

*Consecuentemente, e segundo informe do Director do Laboratorio municipal de data 9 de marzo de 2004, a cobertura da praza vacante de Técnico auxiliar resulta necesaria para garanti-lo correcto funcionamento do servicio, habida conta o inxente volume de traballo que experimentou o servicio nos últimos meses.*

*Fundamentos de dereito .*

*De conformidade co disposto no artigo 5 da Lei de funcionarios civís do Estado, de 7 de febreiro de 1964, en concordancia co disposto no artigo 7 da Lei 4/88, de 26 de maio, da función pública de Galicia, son funcionarios interinos aqueles quen es por razóns de necesidade ou urxencia, ocupen prazas en plantilla en tanto non se provean por funcionarios de carreira.*

*Consonte ó disposto no artigo 104.1 da Lei de funcionarios civís do Estado, para nomear funcionarios interinos será preciso que a prestación do servicio non sexa posible realizar coa urxencia esixida polas circunstancias, por funcionarios de carreira.*

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revogado cando a praza que desempeñen interinamente sexa provista polo procedemento legalmente establecido por funcionarios de carreira .*

*Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante.*

*De conformidade co disposto no artigo 27.1 do R.D. 364/95, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servicio da administración xeral do Estado, en concordancia co disposto no artigo 19 do decreto autonómico 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección e ingreso do persoal da administración autonómica de Galicia, o procedemento deberá posibilita-la máxima axilidade na selección en razón á urxencia requerida para cubrir transitoriamente os postos de traballo en tanto se destina ós mesmos a funcionarios de carreira.*

*Consonte ó disposto no artigo 20 da Lei 61/2003, de presupostos do Estado para o ano 2004, non se prodera ó nomeamento de persoal interino agás supostos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazabres, presupostos de excepcionalidade que semellan concorrer no presente expediente á vista da exposición fáctica do informe do Sr. Director do Laboratorio municipal de data 9 de marzo de 2004.*

*Por isto, propónse á Xunta de Goberno local, de conformidade co disposto no artigo 127.1.h) da lei Reguladora de bases de réxime local, a seguinte **PROPOSTA...***

*Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.*

Consta no expediente informe de fiscalización favorable do técnico de Intervención Xeral, do 13.04.04, conformado pola interventora, e ditame favorable do Comité de Persoal, do 6.05.04.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe o xefe da Unidade de Persoal, acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder á cobertura dun funcionario interino con cargo á praza vacante de Técnico auxiliar de Laboratorio, Escala Administración especial, subescala técnica auxiliar, grupo C de titulación .

Segundo .- Aprobar as seguintes bases que rexirán o proceso selectivo

#### I. CONDICIONS DOS ASPIRANTES

- a) Ser español ou nacional dalgún estado membro da UE, de conformidade co previsto no artigo 1 da Lei 17/1993, de 23 de decembro.
- b) Ter cumpridos 18 anos de idade.
- c) Estar en posesión do título de FP II rama laboratorio ou análise, ou titulación superior ( diplomatura ou licenciatura ) referida ás seguintes carreiras : CC. Físicas, CC. Químicas, CC. Ambientais, Farmacia , Bioloxía, Veterinaria, Ciencia e Tecnoloxía Alimentaria e Bioquímica. Ós efectos prevenidos nesta convocatoria, e de conformidade co disposto na D.T. 5ª da Lei 30/84, de medidas para a reforma da función pública, considerarase equivalente ó título de diplomado universitario a superación de tres cursos completos dunha licenciatura.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o exercicio das súas funcións.
- e) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, comunidade autónoma ou administración local, nin se atopar inhabilitado para o desempeño de funcións públicas.
- f) Non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- g) Carta de pagamento acreditativa de ingreso na Tesourería municipal do Concello da cantidade de 15,40 €.

Os extremos contidos nos apartados a) e b) acreditaranse con xerocopia compulsada do documento nacional de identidade; o do apartado c) con xerocopia compulsada do título legalmente expedido; o do apartado d) a través de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; os do apartados e) e f) mediante declaración xurada ó efecto, o apartado g) achegando á instancia a carta de pagamento.

## II. SISTEMA DE SELECCION

O procedemento selectivo será o de oposición libre.

## III.- EXERCICIOS DA OPOSICION

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para tódolos/as aspirantes.

Consistirá en desenvolver por escrito catro temas elexidos ó chou do temario anexo, nun prazo máximo de dúas horas.

Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de cinco puntos neste exercicio .

Segundo exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en desenvolver por escrito un suposto práctico relacionado co temario anexo, no tempo de realización que así acorde o Tribunal . Avaliarase de 0 a 10 puntos, quedando igualmente excluído o opositor que non acade nesta proba un mínimo de cinco puntos

Terceiro exercicio.- Así mesmo obrigatorio, pero non eliminatorio. Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento de idioma galego, consistente na corrección de expresións e palabras escritas incorrectamente nunha serie de frases para un galego correcto e normativizado, nun prazo máximo de 15 minutos. Avaliarase ata un máximo de dous puntos

Serán nomeados/as os/as aspirantes que obteñan a maior puntuación unha vez sumadas as de tódolos exercicios da oposición.

## IV. PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS

Será de 10 días hábiles a contar desde ó seguinte a publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A instancia deberá achegarse á documentación á que se fai referencia na base I anterior.

## V. PUBLICIDADE

O anuncio desta convocatoria publicarase no BOP. A lista de excluídos e as causas que o motiva; así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio publicarase no Taboeiro de edictos da Casa Consistorial e no de anuncios dos centros onde se realicen as probas, cando estas non se desenvolvan no propio edificio consistorial.

Contra a exclusión da lista de admitidos poderase presentar reclamación e subsanar erro ou omisións no prazo de catro días hábiles.

## VI. TRIBUNAL

Estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: O da Corporación ou concelleiro en que delegue.

Secretario: O secretario da Corporación ou funcionario integrado no grupo A de titulación, escala admón. xeral, designado polo Alcalde.

Vocais: O Director do Laboratorio municipal , un Analista de laboratorio municipal designado polo Alcalde e un funcionario municipal en representación do Comité de Persoal, que terá que ter titulación igual ou superior á esixida para o desempeño da praza.

Simultaneamente cos titulares designaranse ós respectivos suplentes.

Tódolos membros do tribunal agás o presidente deberán posuír titulación de igual ou superior nivel á requirida para ser nomeado.

Tódolos membros do tribunal actuarán con voz e voto. O tribunal poderá nomear asesores, ata un máximo de dous por exercicio, con voz e sen voto.

A actuación do tribunal rexerese polo previsto na Lei de procedemento administrativo para o funcionamento dos órganos colexiados.

## VII. NOMEAMENTO

O nomeamento do/a candidato/a proposto/a será revogado cando a praza que desempeñe interinamente sexa provista polo procedemento legalmente establecido por funcionarios de carreira, ou no caso de amortización da mesma.

O/a candidato/a nomeado/a percibirá as retribucións correspondentes ó posto de traballo de Técnico auxiliar de laboratorio do vixente cadro de persoal.

Os/as candidatos/as que superen tódalas probas de que consta esta oposición, e que non poidan ser nomeados para desempeña-la praza ofertada interinamente, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser eventualmente nomeados/as como persoal interino ( para o caso de producirse novas vacantes ) ou ser eventualmente contratados como persoal laboral temporal para necesidades coxunturais.

Dita lista terá validez ata a resolución da próxima Oferta Pública de Emprego.

## ANEXO

- Tema 1.- A Constitución española de 1978. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois. A coroa.
- Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.
- Tema 3.- A administración pública no ordenamento español. Administración do Estado. Administracións autonómicas. Administración local. Administración institucional e corporativa.
- Tema 4.- Principios de actuación da administración pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. Sometemento da administración á lei e ó dereito. Fontes do dereito público.
- Tema 5.- O acto administrativo. Principios xerais do procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo xeral.
- Tema 6.- Réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica.
- Tema 7.- O municipio. O termo municipal. A súa organización e competencias.
- Tema 8.- Mantenemento e verificación de equipos de laboratorio .
- Tema 9.- Toma de mostras para análise de augas e alimentos.
- Tema 10.- A seguridade no laboratorio químico. Elementos de seguridade. Riscos específicos do laboratorio. Almacenamento e clasificación de produtos.
- Tema 11.- A seguridade no laboratorio microbiolóxico. Elementos de seguridade. Riscos específicos do Laboratorio. Almacenamento e clasificación de produtos.
- Tema 12.- Xestión de residuos no Laboratorio.
- Tema 13.- Métodos de análise de compostos nitroxenados en augas.
- Tema 14.- Espectrofotometría de absorción atómica .Conceptos básicos e aplicacións.
- Tema 15.- Calidade e tratamento dunha auga de piscina de uso colectivo segundo o R.D 122/1995
- Tema 16.- Determinación de oxidabilidade e turbidez. Importancia destes parámetros na auga.
- Tema 17.- Estudio de lodos activos procedentes dunha EDAR.
- Tema 18.- Características do xénero *Legionella* e a súa importancia sanitaria.
- Tema 19.- Bacterias indicadoras da contaminación fecal en augas. Significado sanitario
- Tema 20.- Determinación do pH e conductividade nunha auga de consumo.
- Tema 21.- Criterios de calidade da auga de consumo humano. Parámetros indicadores.



- Tema 22.- Estacions depuradoras de auga potable: tratamento e desinfección.  
Tema 23.- O cloro como desinfectante.  
Tema 24.- Augas residuais industriais: DBO, DQO, sólidos en suspensión.  
Tema 25.- Contaminación Atmosférica. Análise dos contaminantes atmosféricos lexislados.  
Tema 26.- Aseguramento da calidade á recepción de mostras de augas no Laboratorio.  
Tema 27.- Aseguramento da calidade: conceptos de control interno, exercicios de intercomparación.

**37(575).-PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA PARA ORGANIZACIÓN DA XXVIII EDICIÓN DA ENTREGA DOS PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA. EXPTE. 8285/331.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 4.05.04 e de acordo co informe-proposta do xefe da técnica de Admón. Especial de Cultura do 4.05.04, conformado polo xefe de dito Servizo, polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

Primeiro.- Aprobar o texto do proxecto de convenio entre a Concellería de Cultura do Concello de Vigo e a Fundación Premios da Crítica Galicia para a organización da XXVIII edición da entrega dos premios do mesmo nome que terá lugar no Centro Social Caixanova o día 15 de maio de 2004.

Segundo.- Autorizar un gasto de 6.000 € (seis mil euros) a favor da Fundación Premios da Crítica Galicia CIF: G-36759884 para a organización da XXVIII edición da entrega dos premios do mesmo nome con cargo á partida 4510.489.00.00 “Transferencia a empresas sen ánimo de lucro” do presuposto municipal prorrogado ano 2004.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN PREMIOS DA CRITICA GALICIA”.*

*En Vigo, a de dous mil catro.*

**REUNIDOS**

*Dunha parte, D. Ignacio López-Chaves Castro na súa calidade de Concelleiro-Delegado da Área de Asuntos Sociais, en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, e con enderezo na praza do Rei s/nº, no sucesivo O CONCELLO.*

*Doutra parte, D. Xosé González Martínez, na súa calidade de Presidente da Fundación Premios da Crítica Galicia, en representación da FUNDACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA, G-36759884 e con enderezo en avenida da Florida, 30 baixo VIGO*

#### MANIFESTAN

*A Concellería de Cultura do Concello de Vigo pretende o potenciamento da actividade cultural da cidade, para o que ven desenvolvendo diversos programas que contribúen á análise do fenómeno cultural, nas súas máis diversas manifestacións.*

*A Fundación Premios da Crítica Galicia propón a organización da XXVIII edición da entrega dos premios do mesmo nome no Centro Social Caixanova o día 15 de maio de 2004.*

*Os Premios da Crítica Galicia se veñen convocando dende hai 28 anos nunha cita anual arredor do Día das Letras Galegas. Neste dilatado período de tempo os organizadores, a Fundación Premios da Crítica, veu facendo un esforzo polo mantemento desta actividade cultural que, aínda que se celebra en Vigo, ten unha clara vocación integradora das potencialidades culturais en Galicia. Máis de novecenta persoalidades relevantes das artes e da ciencia formaron parte dos distintos xurados: creación literaria, ensaio, investigación, ciencias e artes da representación, música e iniciativas culturais. Sete son os membros que compoñen cadanseu xurado.*

*A organización deste evento move a máis de cen persoas procedentes de moitos puntos xeográficos distantes de Vigo, polo que para poder facer fronte os gastos de organización do evento a Fundación Premios da Crítica solicita polo Rexistro Xeral unha axuda económica de 6.000 €*

*A Fundación Premios da Crítica Galicia é unha organización sen ánimo de lucro que pretende potenciar a través da organización deste concurso os valores culturais en tódolos seus ámbitos, e está disposto a colaborar co Concello de Vigo naquelas actividades relacionadas cos seus obxectivos.*

*Coa finalidade de facilitar a celebración e difusión da XXVIII Edición dos premios da Crítica as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración en concepto de subvención para o seu funcionamento.*

*D. Ignacio López-Chaves Castro, actúa na súa calidade de Concelleiro-Delegado, de acordo coa resolución da Alcaldía do 2 de xaneiro de 2004 sobre competencias delegadas e Xosé González Martínez, en calidade de Presidente da Fundación Premios da Crítica según se acorda na copia de Constitución de Fundación Premios da crítica Galicia de data 25 de febreiro de 1993.*

*En consideración ó antes exposto, o CONCELLO e a FUNDACIÓN PREMIOS DA CRITICA GALICIA a súa relación mediante o presente convenio, composto polas seguintes*

#### CLAÚSULAS

##### PRIMEIRA.- Obxecto.

*O presente convenio suscríbese co obxecto de subvencionala organización da “XXVII Edición dos Premios da Crítica Galicia” e que terá lugar no Centro Social Caixanova o día 15 de maio de 2004.*

##### SEGUNDA.- Presuposto e financiamento.

*O presuposto xeral para gastos de organización do certamen obxecto do convenio ascende a 17.625,46 € para atender os seguintes conceptos, e que aparecen detallados no memorando adxunto:*

- d) 3.606,07 € Decorado
- e) 1.502,23 € actuación musical
- f) 2.000 € documental e 10' sobre o galego egrexio
- g) 200 € Rexedor do acto
- h) 3.005,06 € protocolo
- i) 1.202,00 € publicidade
- j) 4.808,10 € gastos de reunión, dietas xurados
- k) 1.202 € edición libro cos discursos

O Concello de Vigo realizará unha aportación á Fundación Premios da Crítica Galicia G-36759884 de 6.000 € con cargo á partida 4510.489.00.00 “Transferencia a empresas sen ánimo de lucro” do presuposto prorrogado municipal para o ano 2004.

TERCEIRA.- Datas e lugares.

A “XXVII Edición dos Premios da Crítica Galicia” terá lugar no Centro Social Caixanova o día 15 de maio de 2004.

CUARTA.- Mecanismo de asistencia técnica. Obrigas da Fundación Premios da Crítica.

A Fundación Premios da Crítica de Galicia asume as seguintes obrigas:

- 1.- Cumprilo programa obxecto deste convenio; comunicando, con antelación, á Concellería da Área de Asuntos Sociais os cambios que se poideran producir, así como as incidencias durante o desenvolvemento do concurso.
- 2.- Asumi-la organización da “XXVII Edición dos Premios da Crítica Galicia” en particular os seguintes aspectos:
  - Selección o nomeamento do xurado.
  - Comunicación con tódolos servizos de publicación das institucións públicas e editoriais galegas, para que lle remitan a produción editorial, e poidan deste xeito, coñecela.
  - Organización do certame.
  - Entrega de galardons
  - Difusión do certame: edición e distribución de folletos, comunicación en coordinación coa concellería de Asuntos Sociais.
  - Incluí-lo logotipo do departamento Cultura en tódalas publicacións e material de difusión do concurso.
  - Procura-lo financiamento complementario do custo do certame.
  - Asumilos gastos derivados dos parágrafos anteriores.
- 3.- Resolver con carácter xeral calquera detalle organizativo que non estea expresamente asumido polo Concello de Vigo.
- 4.- Presentar no Concello de Vigo unha memoria-avaliación do programa obxecto deste convenio, dentro dos 30 días seguintes á súa finalización. Como mínimo, a memoria incluírá os datos de participación, os detalles do desenvolvemento das actividades, a memoria de prensa e medios de comunicación, un rexistro fotográfico ou audiovisual, o balance económico con detalle de gastos e ingresos.
- 5.- Asumir tódolos gastos e pagamentos relativos á totalidade do desenvolvemento do programa e organización do concurso.
- 6.- Incorporalos anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima.

QUINTA.- Mecanismos de asistencia técnica. Obrigas do Concello de Vigo-Concellería da Área de Asuntos Sociais.

3. Realízalo seguimento do desenvolvemento do certame.
4. Xestionalo pagamento do importe do convenio, tralo cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- Mecanismos de coordinación ou actuación conxunta. Unidade xestora.

O seguimento da execución do convenio realizarase pola unidade de Cultura adscrita á concellería-delegada da Área de Asuntos Sociais.

SÉTIMA.- Difusión.

A produción de material gráfico relacionado coas actividades do programa serán asumidas integramente pola Fundación Premios da Crítica. O deseño gráfico exterior deberá ser enviado previamente ó departamento de Cultura.

O anagrama-logotipo do Concello de Vigo-Concellería da Área de Asuntos Sociais (Cultura) figurará debidamente nas publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do CONCELLO, a prelación en orde de tamaño será proporcional á contía aportada por cada unha delas.

OITAVA.- Forma de pagamento da subvención.

O CONCELLO aboará a Fundación Premios da Crítica Galicia o importe da axuda económica a través de transferencia bancaria á conta 2080.0218.87.0040000752 da que é titular o Fundación Premios da Crítica Galicia.

Para o trámite dos pagamentos Fundación Premios da Crítica Galicia. terá que achegala seguinte documentación: unha solicitude de pagamento, a través do Rexistro Xeral do Concello, memoria avaliación da organización e desenvolvemento do certame acompañado das facturas orixinais correspondentes á contía da que se solicita pagamento. O pagamento terán que contar cos informes favorables de técnicos da unidade de seguimento do convenio e do concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais.

A memoria avaliación aportará os seguintes datos:

- d) participantes no concurso,
- e) memoria de prensa,
- f) detalle do balance económico das actividades e funcionamento: gastos.- facturas orixinais polo importe subvencionado.

As facturas aportadas polo Fundación Premios da Crítica Galicia. terán que reunilos requisitos e condicións esixidas polo art. 3 do RD 2402/1985 polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

NOVENA.- Incumprimentos.

O incumprimento de obrigas estipuladas neste convenio para a entidade colaboradora significará a cancelación do pagamento pendente, mesmo o reintegro do abonos que xa foran realizados polo CONCELLO.

O incumprimento das obrigas estipuladas neste convenio poderá significar a súa cancelación. Previamente as partes comunicaranse esa intención, cunha antelación de 15 días, cos detalles do posible incumprimento para tratar de solucionarlas diferencias.

DÉCIMA.- Vixencia, prorrogabilidade e mecanismos de denuncia.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2004.  
Este convenio non é prorrogable.

Calquera das dúas partes asinantes poderá denunciado convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Resolución de controversias.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais queda facultado para adoptalas medidas que contribúan o cumprimento e desenvolvemento.

En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.

**38(576).-BASES DO CONCURSO DE IDEAS PARA A ELABORACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 525/332.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Educación, do 3.05.04, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, que di o seguinte:

A Comisión de Goberno na súa sesión do 6 de outubro de 2003 aprobou a convocatoria e bases do “Concurso de ideas para a elaboración e desenvolvemento dos programas educativos do Concello de Vigo”. No prazo legal presentanse no rexistro municipal 51 propostas, segundo consta na certificación do Secretario Xeral adxunto de data 30 de outubro de 2003.

A Comisión de avaliación reunese o día 30 de outubro de 2003 e preselecciona catro propostas adscribíbles ó epígrafe 3º da base terceira, segundo consta na acta de data 31 de outubro de 2003.

Reúnese novamente a comisión de avaliación o día 24 de marzo de 2004 e preselecciona os programas:

Nº	Nome proxecto	Adxudicatario/a
07	“Aprender Xogando”	Ludovigo, S.L.
22	“Esta é a miña Cidade”	Mª Carmen Arenas
27	“Alfabetización de Adultos/as”	Mulleres Progresistas
33	“Xornadas Museos da Cidade”	Produccion e Xestión Cultural
37	“Cultura Africana”	A.I.D.A.

Modifícanse así os importes pre-establecidos na base terceira da convocatoria, consonte co previsto na base décima primeira, debido a que as restantes propostas de calidade carecen de interese suficiente para desenvolverse no que resta de ano lectivo, pois están concebidas como programas para desenvolver durante todo o curso escolar como unidades. Como resultado disto e das características das propostas presentadas para o epígrafe “Vigo, cidade

educadora” amplíase do seu máximo de 18.000 €, reducíndose os restantes epígrafes, tal como se prevía nas devanditas bases da convocatoria.

Como quera que o informe da intervención municipal de data 30 de marzo de 2004 establece que non é posible traspasar neste concurso os límites do curso escolar 2003-2004, nin o monto do crédito reservado inicialmente para o período xaneiro-xuño 2004, logo de consultar coas entidades dos programas preseleccionados e por todo o devandito preséntase á Mesa de contratación celebrada o día 26 de abril de 2004 toda a documentación para verificación, que resulta positiva, polo que remite ó servizo o expediente para formular a proposta de adxudicación.

Modifícase a proposta formulada o día 27 de abril de 2004 xa que, por un erro da funcionaria que subscribe, non se tivo en conta na fixación dos prezos asumibles polo Concello de Vigo para os novos programas, que no monto disponible para o 2004 e para o que resta de curso, había que detraer o que xa estaba en execución, correspondente ás actividades teatrais, polo que se pode dispor como sumatorio máximo do custo das actividades de 42.979, 60 €. Practícanse as reducións factibles nas actividades propostas para cadrar contas e formúlase nova proposta:

“ 1.- Aprobar os anexos ó prego de cláusulas administrativas tipo para a contratación por procedemento negociado dos servizos a que da lugar o concurso de ideas para a elaboración e desenvolvemento dos programas educativos do Concello de Vigo para o curso 2003-2004, aprobado na Comisión de Goberno de 6 de outubro de 2003, que de seguido se dín:

#### Anexo 1: Obxecto

Lote 1 Programa “Aprender xogando”

Lote 2 Programa “Esta é a miña cidade”

Lote 3 “Alfabetización de adultos”

Lote 4 “Xornadas sobre os museos da cidade”

#### Anexo 2: Licitador

Lote 1 Ludovigo, SL, CIF. B- 36817930

Lote 2 M<sup>a</sup> Carmen Arenas, NIF. 35990835- K

Lote 3 Mulleres Progresistas, CIF. G- 36657336

Lote 4 Producción e Xestión Cultural, CIF.B- 36743755

#### Anexo 3: Clasificación

Lote 1 CNPA-1996: 80

Lote 2 CNPA-1996: 80

Lote 3 CNPA-1996: 80

Lote 4 CNPA-1996: 80

#### Anexo 4: Prezo do contrato

Lote 1 : O prezo fíxase en 12.000 €. O aval definitivo constituirase mediante a retención do 4% do prezo do contrato da primeira factura, que se emitirá o 30 de maio, por importe de 7.000 € e a segunda, por 5.000€, o 30 de xuño de 2004.

Lote 2: O prezo fíxase en 9.100€. O aval definitivo constituirase mediante a retención do 4% do prezo do contrato na factura, que se emitirá o 30 de xuño de 2004.

Lote 3: O prezo fíxase en 10.019€. O aval definitivo constituirase mediante a retención do 4% do prezo do contrato na primeira factura, que se emitirá o 26 de maio, por importe de 5.519€ e a segunda, por importe de 4.500€, emitirase o 30 de xuño de 2004.

Lote 4 : O prezo fíxase en 11.500 €. O aval definitivo constituirase mediante a retención do 4% do prezo do contrato na primeira factura, que se emitirá o 30 de maio de 2004, por importe de 5.000€. A segunda e última factura, por importe de 6.500€, emitirase o 30 de xuño de 2004.

#### Anexo 5: Prazo de execución

Lote 1: Comezará o día 10 de maio e rematará o día 30 de xuño de 2004

Lote 2: Comezará o día 10 de maio e rematará o día 30 de xuño de 2004

Lote 3: Comezará o día 10 de maio e rematará o día 30 de xuño de 2004

Lote 4: Comezará o día 10 de maio e rematará o día 30 de xuño de 2004

#### 2.- Adxudicar a:

Lote 1 a Ludovigo, SL, CIF. B- 36817930

Lote 2 a M<sup>a</sup> Carmen Arenas, NIF. 35990835- K

Lote 3 a Mulleres Progresistas, CIF. G- 36657336

Lote 4 a Producción e Xestión Cultural, CIF.B- 36743755

3- Notificar ós restantes concursantes, agás ó proxecto 37, presentado por AIDA (Asociación para la integración y desarrollo del africano) CIF G-36818649, que tamén foi seleccionado, que o Concello de Vigo da por rematadas as actividades a abordar no presente curso escolar mediante a convocatoria do concurso de ideas, polo que dispoñen do prazo dun mes, a contar desde o día seguinte á recepción da notificación, para recoller as súas propostas nas dependencias do servizo de educación sitas no primeiro andar da casa do Concello.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

### **39(577).- TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DA AREA DE SERVICIOS XERAIS.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

A petición do concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Que durante o presente exercicio os expedientes de contratación correspondentes ó Area de Servizos Xerais se tramiten por ela até a súa remisión á Unidade de Actas para a súa aprobación polo órgano municipal competente.

2º.- Solicitar do titular da Secretaría Xeral do Pleno, que actualmente exerce as competencias de Asesoría Xurídica, a delegación no xefe do Servizo Xurídico da Área de Servizos Xerais da competencia para remitir o preceptivo informe xurídico nos expedientes de contratación.

**40(578).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove e vintecinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez